

CURSO 2014-15

LATÍN

**Programación
didáctica**

I.E.S. N° 1 DE RIBEIRA

CONTEXTUALIZACIÓN

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E A SÚA CONTORNA

O I.E.S. N^o1 está situado na localidade de Ribeira, na provincia da Coruña. A situación xeográfica do municipio favorece algúns condicionantes, como é o feito de que a contorna achega gran variedade de recursos sanitarios, culturais, actividades deportivas e de lecer, servizos sociais, etc. Unha boa parte da poboación exerce a súa actividade ao redor da pesca, industrias e actividades afíns e no pequeno comercio.

No Centro impártense os seguintes ensinos:

- E.S.O.
- Bacharelato
- E.S.A.
- Bacharelato Adultos
- Alfabetización de Adultos

ALUMNADO DO IES Nº 1 DE RIBEIRA											
CURSO 2013/2014											
ENSINO ORDINARIO						ENSINO DE ADULTOS					
ESO			BACHARELATO			ESA			BACHARELATO		
NIVEL	Nº AL.	GRUPOS	NIVEL	Nº AL.	GRUPOS	NIVEL	Nº AL.	GRUPOS	NIVEL	Nº AL.	GRUPOS
1º ESO	79	3	1º BAC	119	4	MÓD. 3	¿	2	1º BAC.	55	2
2º ESO	85	3	2º BAC	97	4	MÓD. 4	¿	3	2º BAC.	97	2
3º ESO	76	3									
4º ESO	86	3									
TOTAL	326	12		216	8		¿	5		152	4
TOTAL ALUMNADO ENSINO ORDINARIO					526	TOTAL ALUMNADO ENSINO DE ADULTOS					¿
TOTAL ALUMNADO DO CENTRO					¿						

Organigrama.

A estrutura organizativa do Centro está constituída fundamentalmente por:

1. Órganos de Goberno

a) Colexiados

- Consello Escolar
- Claustro de Profesores

b) Unipersoais:

- Directora
- Xefa de Estudos de diúrno/Xefe de Estudos de nocturno
- Vicedirectora

-Secretario

2. Outros Órganos:

- a) Tutores: 32
- b) Departamentos: 17
- c) Departamento de Orientación
- d) Xuntas de Avaliación
- e) Xunta de delegados de curso

CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

a) Profesorado

O Claustro de profesores está composto por un total de 71 profesores. A estabilidade laboral do profesorado é unha característica que define o Centro.

b) Familias

Neste centro as familias son fundamentalmente de clase traballadora, das que unha alta porcentaxe tanto os pais coma as nais traballan.

c) Alumnado

No que respecta aos alumnos con problemas de adaptación e aprendizaxe, aparecen tres grupos claramente diferenciados:

1. Alumnos con leves problemas de aprendizaxe.
2. Alumnos con serias dificultades de aprendizaxe. Son alumnos con diferentes problemas e baixo nivel de competencia curricular que esixen un tratamento específico na adquisición das habilidades instrumentais básicas.
3. Alumnos con problemas de adaptación social e escolar.

EQUIPAMENTO E SERVIZOS DO CENTRO

O IES nº 1 de Ribeira dispón dos seguintes recursos espaciais:

- Biblioteca, dotada de libros de consulta e lectura, con capacidade para unhas 70 persoas. Dispón dun Plan de Biblioteca con servizo de empréstamo durante o horario lectivo, con subscrición a revistas científicas e de lecer, prensa diaria, arquivo de películas e documentais, dicionarios... Consta, ademais, de ordenadores con conexión a Internet, para o seu emprego como ferramenta didáctica e PDAs para a xestión docente.

Está dividida en seccións: de traballo, de lectura, de andeis e de ordenadores.

- Distintas aulas dotadas con material específico como canóns, DVD, vídeo, pantallas, taboleiros, televisión, radiocasete, ordenador, internet...etc.
- Aula de informática equipadas con ordenadores con acceso a Internet.
- Aula de tecnoloxía equipada con ordenadores con acceso a Internet
- Aula de música.
- Laboratorios de : Física, Química e Ciencias Naturais.
- Aula de Debuxo Técnico e aula de Educación Plástica.
- Departamento de orientación: unha Orientadora e un PT encárgase de dar apoio no proceso de ensino-aprendizaxe, centrado na atención á diversidade, asesoramento e apoio ao alumando con necesidades educativas especiais, orientación académica e profesional...

- Salón de actos cun aforo duns 80 persoas e dotado de canón, pantalla, vídeo, sistema de megafonía e equipo de música.
- Pavillón polideportivo.
- Servizo de reprografía e informática.
- Servizo de cafetería e máquina automática de café na sala do profesorado.
- O centro conta con accesibilidade de alumnado con minusvalías ... etc.
- Dúas pistas polideportivas, patio, xardín e soportal cuberto.

O DEPARTAMENTO DE LATÍN E A MATERIA LATÍN

Durante o curso 2014-2015 a materia de Latín será impartida polas seguintes profesoras: Purificación Hermo Segade e Vicenta Vidal Teira, xefa do departamento de Latín.

O alumnado que cursa a materia de Latín distribúese nos seguintes grupos:

MATERIA	CURSO	Nº ALUMNOS	Nº GRUPOS	PROFESORA
Latín	4º ESO	19	1	Purificación Hermo Segade
Latín	1º BAC	17	1	Vicenta Vidal
Latín	2º BAC	4	1	Vicenta Vidal
Latín	1ºBAC Ad.	13	1	Purificación Hermo Segade
Latín	2ºBAC Ad.	5	1	Purificación Hermo Segade

Alumnado coa materia de Latín pendente de cursos anteriores:

Unha alumna matriculada en 2º BAC. ten o Latín pendente de 1º BAC.

LATÍN - 4º ESO

INTRODUCCIÓN

A materia de latín, presente no currículo de cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, supón un achegamento específico á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ao mundo antigo. O seu estudo acercará ao alumnado ao coñecemento da herdanza clásica a partir de contidos lingüísticos e culturais, complementarios entre si. O tratamento desta materia centrarase, por unha banda, no valor propio da cultura clásica a través do estudo da súa lingua e dos aspectos máis relevantes da sociedade e cultura romanas, e por outra no seu valor como fonte e orixe da lingua e cultura da civilización occidental. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ao seu estudo.

OBXECTIVOS

A adquisición de capacidades básicas e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia:

1. Iniciar un estudo básico da lingua que é nexa e está na orixe do amplo grupo das linguas romances, axudando a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación.

A lingua latina é unha das máis importante achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para as alumnas e os alumnos. Todas as linguas da Europa occidental incrementaron os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina.

O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado. O coñecemento, sequera básico, do latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estrutura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden.

Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable seguir un método natural en que

as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no cal a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

O estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ao mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ao falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización mediterránea co latín como nexo unificador.

O estudo básico da lingua latina estará orientado ao logro dos seguintes obxectivos básicos:

1.1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.

1.2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.

1.3. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.

1.4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.

1.5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.

1.6. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.

1.7. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.

1.8. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.

2. Coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para poder relacionalos cos do mundo actual, propiciando unha interpretación máis ponderada do mesmo e identificando e valorando a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional. Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

A materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creación literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e do progreso de Europa. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas. A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa

herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. Neste sentido, a lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

CONTIDOS

Os contidos da materia distribúense en catro bloques:

1. O sistema da lingua latina
2. A historia e evolución da lingua latina
3. A formación das palabras
4. Legado do mundo clásico

Os tres primeiros bloques poñen o acento en contidos propiamente lingüísticos e gardan una relación coherente entre eles, contribuindo, non só a un coñecemento do latín, senón a un uso máis preciso da propia lingua e ao adecuado entendemento da terminoloxía culta, científica e técnica.

O bloque 4, trata os aspectos máis relevantes da sociedade romana e pon o acento na continuidade do mundo clásico que ofrece o mundo contemporáneo, na análise comparativa dos seus correspondentes antecedentes clásicos e na valoración crítica dos aspectos de continuidade, evolución e cambio.

A funcionalidade e a utilidade dos coñecementos básicos sobre a lingua latina e a cultura clásica en diversos contextos de aprendizaxe guiará o tratamento dos contidos e a selección de obxectivos. Por esta razón, tentarase que o latín, na medida que sirva para a consecución dos obxectivos e desenvolvemento das capacidades e competencias propostos para esta etapa, asente os fundamentos para o estudo, se é o caso, das humanidades ou as ciencias sociais.

O tratamento deste catro bloques estruturarase ao longo do curso en dez unidades desenvolvidas de acordo coa seguinte táboa de contidos:

UNIDADE	OBXECTIVOS	CONTIDOS
1	<p>1. Legado 1.1. Situar a lingua latina histórica e xeneticamente. 1.2. Valorar a historia das linguas como orixe de diversidade e cultura da sociedade actual</p> <p>2. Lingua 2.1. Coñecer o alfabeto latino e a súa clasificación. 2.2. Interese polo coñecemento do alfabeto latino como instrumento de cultura e unidade entre os pobos.</p> <p>3. Léxico. 3.1. Coñecer o concepto de evolución fonética, de palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, os conceptos de composición e derivación e o significado do concepto de latinismo. 3.2. Interese pola influencia do latín nas linguas propias do alumno como instrumento de precisión léxica.</p> <p>4. Textos Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.</p>	<p>1. Legado A historia da lingua latina. -Coñecemento da orixe e as principais fases da historia da lingua latina.</p> <p>2. Lingua O alfabeto latino. Coñecemento do alfabeto latino, da súa pronunciación e principais normas fonéticas. Os números romanos.</p> <p>3. Léxico. A formación do léxico nas linguas romances. Coñecemento do concepto de evolución nas linguas, dos conceptos de palabra patrimonial, cultismo, semicultismo, de composición e derivación y do concepto de latinismo.</p> <p>4. Textos -A transmisión do alfabeto hasta Roma (Tácito, <i>Anales</i>, XI, 14). -Xúpiter revela a Venus o futuro de Roma.</p>
2	<p>1. Legado Situar a cidade de Roma no seu contexto xeográfico e histórico.</p> <p>2. Lingua 2.1. Coñecer as clases de palabras, a súa estrutura, as categorías gramaticais dos nomes latinos. 2.2. Coñecer a morfoloxía da 1ª declinación e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p>	<p>1. Legado A situación de Roma. -Situación xeográfica de Roma en Italia. -Valorar a xeografía como elemento clave na historia. -Situación histórica da fundación de Roma. -Actitude crítica ante as lendas de contido histórico e os elementos constitutivos das cidades.</p> <p>2. Lingua</p>

<p>2.3. Promover o interese polo coñecemento da morfoloxía latina e valoración do seu coñecemento para un mellor uso das linguas propias.</p> <p>2.4. Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p> <p>2.5. Promover o aprecio pola correcta interpretación dos textos.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Coñecer léxico latino da 1ª declinación e a súa achega ao léxicos das linguas propias do alumno/a e doutras linguas modernas.</p> <p>3.2. Coñecer a evolución fonética do latín ao castelán, galego e catalán.</p> <p>3.3. Identificar e coñecer o significado que aportan os principais prefixos de orixe latina no léxico das linguas propias e o seu emprego correcto.</p> <p>3.4. Valorar o coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico das linguas propias e o seu uso correcto (ortográfico, semántico...).</p> <p>3.5. Interese pola precisión que aportan os latinismos na expresión de conceptos nas linguas propias.</p> <p>3.6. Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario das linguas propias e os cambios fonéticos producidos.</p> <p>4. Textos</p> <p>Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.</p>	<p>2.1. As palabras. Clases de palabras: variables e invariables. Estrutura das palabras variables: identificación das partes que compoñen unha palabra. As categorías gramaticais dos nomes latinos: o xénero, o número e o caso.</p> <p>2.2. Os casos latinos e as declinacións: recoñecemento dos casos latinos e as súas funcións e identificación das cinco declinacións latinas.</p> <p>2.3. A primeira declinación: identificación das palabras da primeira declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. Enunciado de palabras da primeira declinación.</p> <p>2.4. Tradución: aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas.</p> <p>3. Léxico.</p> <p>3.1. Identificación, definición e clasificación do léxico da 1ª declinación estudado na unidade e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos das linguas propias, doutras linguas romances e do inglés.</p> <p>3.2. Estudo de latinismos de uso frecuente: definición e emprego correcto nas linguas propias dos latinismos estudados.</p> <p>3.3. A evolución do latín ás linguas romances. Estudo da evolución fonética do latín: perda de <i>-m</i> final e apócope de <i>-e</i> final. Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.</p> <p>3.4. A creación de novos termos: principais prefixos de</p>
---	--

		<p>orixe latina. Identificación no léxico das propias linguas e coñecemento do significado que aportan os principais prefixos de orixe latina estudados.</p> <p>4. Textos</p> <p>-Un lugar privilexiado (Tito Livio, <i>Ab urbe condita</i>, V, 54)</p> <p>-Roma e as súas provincias.</p>
3	<p>1. Legado</p> <p>1.1. Coñecer o marco histórico xeral da historia de Roma.</p> <p>1.2. Interese pola historia de Roma como parte esencial da propia historia.</p> <p>2. Lingua</p> <p>2.1. Coñecer a morfoloxía da 2ª declinación e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>3.1. Coñecer a morfoloxía dos adxectivos 2-1-2 e a súa concordancia.</p> <p>2.3. Promover o interese polo coñecemento da morfoloxía latina e valoración do seu coñecemento para un mellor uso das linguas propias.</p> <p>2.4. Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas, especialmente no relativo á concordancia.</p> <p>2.5. Promover o aprecio pola correcta interpretación dos textos.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Coñecer léxico latino da 2ª declinación, así como adxectivos 2-1-2 e a súa achega ao léxico das linguas propias do alumno/a e doutras linguas modernas.</p>	<p>1. Legado</p> <p>Historia de Roma.</p> <p>-Recoñecemento do marco histórico de Roma e dos seus principais períodos.</p> <p>2. Lingua</p> <p>2.1. A segunda declinación. Substantivos. Identificación das palabras da 2ª declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. Enunciado de palabras da 2ª declinación.</p> <p>2.2. Os adxectivos 2-1-2. Identificación dos adxectivos 2-1-2 latinos, da súa morfoloxía e das súas funcións dentro da oración. Enunciado dos adxectivos 2-1-2.</p> <p>2.4. Tradución: aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas.</p> <p>3. Léxico.</p> <p>3.1. Identificación, definición e clasificación do léxico da 1ª declinación e dos adxectivos 2-1-2 estudados na unidade e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos das linguas propias, doutras linguas romances e do inglés.</p> <p>3.2. Estudo de latinismos de uso frecuente: definición e</p>

	<p>3.2. Valorar o coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico das linguas propias e o seu uso correcto (ortográfico, semántico...).</p> <p>3.3. Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>3.4. Interese pola precisión que aportan os latinismos na expresión de conceptos nas linguas propias.</p> <p>3.5. Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario das linguas propias e os cambios fonéticos producidos.</p> <p>3.6. Interese polo o significado que aportan os principais sufixos de orixe latina no léxico das linguas propias e o seu emprego correcto.</p> <p>4. Textos Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.</p>	<p>emprego correcto nas linguas propias dos latinismos estudados.</p> <p>3.3. A evolución do latín ás linguas romances. Estudo da evolución fonética do latín: regras <i>-u</i> final átona e <i>s-</i> inicial ante consonante. Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.</p> <p>3.4. A creación de novos termos: principais sufixos de orixe latina. Identificación no léxico das propias linguas e coñecemento do significado que aportan os principais sufixos de orixe latina estudados.</p> <p>4. Textos -As conquistas de Augusto (Suetonio, <i>Vida de los doce Césares</i>, II, 21). -Augusto.</p>
4.	<p>1. Legado 1.1. Coñecer os principais elementos da romanización de Hispania: a súa conquista, a organización política, social e económica, así como a pegada artística, facendo especial fincapé na Gallaecia romana.</p> <p>1.2. Valoración da romanización de Hispania como elemento cultural e histórico determinante na historia, a cultura e a sociedade actual.</p> <p>2. Lingua 2.1. Identificar as conxugacións latinas a través do seu enunciado.</p> <p>2.2. Coñecer a morfoloxía do presente de indicativo latino.</p> <p>2.3. Recoñecer a forma e uso das principais preposicións</p>	<p>1. Legado Os romanos en Hispania. -Recoñecemento dos principais aspectos da romanización de Hispania: a conquista da Península, a organización política, social e económica e a súa pegada artística, facendo especial fincapé na Gallaecia romana.</p> <p>2. Lingua 2.1. O verbo latino: as conxugacións latinas. Identificación das conxugacións latinas a través do seu enunciado.</p> <p>2.2. O presente de indicativo. Identificación da morfoloxía do presente de indicativo activo, o tema de presente, as desinencias persoais e o seu uso.</p> <p>2.3. As preposicións de lugar. Recoñecemento das principais preposicións de lugar (dirección, situación e</p>

<p>de dirección, situación e procedencia.</p> <p>2.4. Promover o interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina e valoración do seu coñecemento para un mellor uso das linguas propias.</p> <p>2.5. Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas, especialmente no relativo á concordancia.</p> <p>2.6. Promover o aprecio pola correcta interpretación dos textos.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Coñecer léxico latino de verbos e a súa achega ao léxico das linguas propias do alumno/a e doutras linguas modernas.</p> <p>3.2. Valorar o coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico das linguas propias e o seu uso correcto (ortográfico, semántico ...).</p> <p>3.3. Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>3.4. Valorar o coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico das linguas propias e o seu uso correcto (ortográfico, semántico ...).</p> <p>3.5. Interese pola precisión que aportan os latinismos na expresión de conceptos nas linguas propias.</p> <p>3.6. Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario das linguas propias e os cambios fonéticos producidos.</p> <p>3.7. Interese polo o significado que aportan os principais lexemas de orixe latina no léxico das linguas propias e o seu emprego correcto.</p>	<p>procedencia), os seus significados e o seu emprego.</p> <p>2.4. Tradución: aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas.</p> <p>3. Léxico.</p> <p>3.1. Identificación, definición e clasificación do léxico de verbos estudados na unidade e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos das linguas propias , doutras linguas romances e do inglés.</p> <p>3.2. Estudo de latinismos de uso frecuente: definición e emprego correcto nas linguas propias dos latinismos estudados.</p> <p>3.3. A evolución do latín ás linguas romances. Estudo da evolución fonética dos ditongos latinos <i>au</i>, <i>ae</i>, <i>oe</i> e oclusivas xordas latinas intervocálicas. Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.</p> <p>3.4. A creación de novos termos: principais lexemas de orixe latina. Identificación no léxico das propias linguas e coñecemento do significado que aportan os principais lexemas de orixe latina estudados.</p> <p>4. Textos</p> <p>-As provincias de Hispania (Plinio, <i>Historia natural</i>, III, 6)</p> <p>-Viriato.</p>
---	---

	<p>4. Textos Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.</p>	
5	<p>1. Legado 1.1. Coñecer a organización social da sociedade romana e as súas principais características 1.2. Interese pola organización social de Roma como parte esencial da cultura romana e da historia da sociedade actual.</p> <p>2. Lingua 2.1. Coñecer a morfoloxía da 3ª declinación, temas en consonante e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos. 2.2. Coñecer a morfoloxía do imperfecto de indicativo activo latino e a súa tradución. 2.3. Recoñecer os tipos de oracións e as principais oracións coordinadas e os seus nexos. 2.4. Promover o interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina e valoración do seu coñecemento para un mellor uso das linguas propias. 2.5. Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas. 2.6. Promover o aprecio pola correcta interpretación dos textos.</p> <p>3. Léxico 3.1. Coñecer léxico latino da 3ª declinación e a súa achega ao léxico das linguas propias do alumno/a e doutras linguas modernas.</p>	<p>1. Legado A estrutura social romana. -Coñecemento da organización social de Roma, a súas clases sociais e as súas principais características.</p> <p>2. Lingua 2.1. A terceira declinación: temas en consonante. Identificación das palabras da 3ª declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. Enunciado de palabras da 3ª declinación. 2.2. O imperfecto de indicativo activo. Identificación da morfoloxía do imperfecto de indicativo activo e o seu uso. 2.3. As oracións compostas: coordinadas. Distinción dos tipos de oracións e recoñecemento das principais oracións coordinadas e os seus nexos. 2.4. Tradución: aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía da 3ª declinación, o imperfecto de indicativo e as oracións coordinadas.</p> <p>3. Léxico 3.1. Identificación, definición e clasificación do léxico de substantivos da 3ª declinación e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos das linguas propias, doutras linguas romances e do inglés. 3.2. Estudo de latinismos de uso frecuente: definición e emprego correcto nas linguas propias dos latinismos</p>

	<p>3.2. Valorar o coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico das linguas propias e o seu uso correcto (ortográfico, semántico ...).</p> <p>3.3. Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>3.4. Interese pola precisión que aportan os latinismos na expresión de conceptos nas linguas propias.</p> <p>3.5. Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario das linguas propias e os cambios fonéticos producidos.</p> <p>3.6. Interese polo o significado que aportan os principais prefixos de orixe grega no léxico das linguas propias e o seu emprego correcto.</p> <p>4. Textos Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.</p>	<p>estudados.</p> <p>3.3. A evolución do latín ás linguas romances. Estudo da evolución fonética do latín: consonantes xeminadas latinas e grupos <i>-ll-</i> e <i>-nn-</i> latinos. Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.</p> <p>3.4. A creación de novos termos: principais prefixos de orixe grega. Identificación no léxico das propias linguas e coñecemento do significado que aportan os principais prefixos de orixe grega estudados.</p> <p>4. Textos <i>-Servi sunt, immo homines</i> (Séneca, <i>Cartas morales a Lucilio</i>, XLVII). <i>-Patricios y plebeos.</i></p>
6	<p>1. Legado 1.1. Coñecer as principais maxistraturas romanas, o Senado e as asembleas. 1.2. Interese pola organización política en Roma e a súa influencia na organización actual.</p> <p>2. Lingua 2.1. Coñecer a morfoloxía da 3ª declinación, temas en <i>-i</i> e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos. 2.2. Coñecer a morfoloxía dos adxectivos da terceira declinación e a súa concordancia. 2.3. Coñecer a morfoloxía do futuro imperfecto de indicativo activo latino e a súa tradución. 2.4. Promover o interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina e valoración do seu coñecemento para un</p>	<p>1. Legado A política romana. <i>-Coñecemento das principais maxistraturas romanas, do Senado e as asembleas como base da organización política de Roma.</i></p> <p>2. Lingua 2.1. A terceira declinación: temas en <i>-i</i>. Identificación das palabras da 3ª declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. Enunciado de palabras da 3ª declinación. 2.2. Os adxectivos da terceira declinación. Identificación dos adxectivos da 3ª declinación, da súa morfoloxía e das súas funcións na oración. Enunciado de adxectivos. 2.3. O futuro imperfecto activo. Identificación da</p>

	<p>mellor uso das linguas propias.</p> <p>2.5. Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p> <p>2.6. Promover o aprecio pola correcta interpretación dos textos.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Coñecer léxico latino da 3ª declinación e a súa achega ao léxico das linguas propias do alumno/a e doutras linguas modernas.</p> <p>3.2. Valorar o coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico das linguas propias e o seu uso correcto (ortográfico, semántico ...).</p> <p>3.3. Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>3.4. Interese pola precisión que aportan os latinismos na expresión de conceptos nas linguas propias.</p> <p>3.5. Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario das linguas propias e os cambios fonéticos producidos.</p> <p>3.6. Interese polo o significado que aportan os principais sufixos de orixe grega no léxico das linguas propias e o seu emprego correcto.</p> <p>4. Textos</p> <p>Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.</p>	<p>morfoloxía do futuro imperfecto activo e o seu uso.</p> <p>2.4. Tradución: aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfología da 3ª declinación (temas en <i>-i</i>), os adxectivos da 3ª declinación e o futuro imperfecto de indicativo activo.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Identificación, definición e clasificación do léxico de substantivos da 3ª declinación e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos das linguas propias, doutras linguas romances e do inglés.</p> <p>3.2. Estudo de latinismos de uso frecuente: definición e emprego correcto nas linguas propias dos latinismos estudados.</p> <p>3.3. A evolución do latín ás linguas romances. Estudo da evolución fonética do latín: oclusivas sonoras intervocálicas e grupos <i>-ns-</i> e <i>-gn-</i>. Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.</p> <p>3.4. A creación de novos termos: principais sufixos de orixe grega. Identificación no léxico das propias linguas e coñecemento do significado que aportan os principais sufixos de orixe grega estudados.</p> <p>4. Textos</p> <p>-Unha campaña electoral (Q.T. Cicerón, <i>Breviario de campaña electoral</i>, 52-53)</p> <p>-Dos censores: Apio Claudio y Catón.</p>
7	1. Legado	1. Legado

<p>1.1. Coñecer a organización do exército romano e a súa estratexia.</p> <p>1.2. Valorar o papel que desempeñou o exército na historia de Roma.</p> <p>2. Lingua</p> <p>2.1. Coñecer a morfoloxía da 4ª e 5ª declinación e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>2.2. Coñecer o enunciado do verbo latino e identificar o seu tema de presente e perfecto.</p> <p>2.3. Coñecer a morfoloxía do pretérito perfecto de indicativo activo latino e a súa tradución.</p> <p>2.4. Promover o interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina e valoración do seu coñecemento para un mellor uso das linguas propias.</p> <p>2.5. Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p> <p>2.6. Promover o aprecio pola correcta interpretación dos textos.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Coñecer léxico latino da 4ª e 5ª declinación e a súa achega ao léxico das linguas propias do alumno/a e doutras linguas modernas.</p> <p>3.2. Valorar o coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico das linguas propias e o seu uso correcto (ortográfico, semántico ...).</p> <p>3.3. Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>3.4. Interese pola precisión que aportan os latinismos na</p>	<p>O exército romano.</p> <p>-Coñecemento da organización do exército romano en canto á súa composición, graduación, regulamento, retribucións e estratexia.</p> <p>2. Lingua</p> <p>2.1. A cuarta e quinta declinación: temas en <i>-i</i>. Identificación das palabras da 4ª e 5ª declinación, das súas desinencias e das súas funcións na oración. Enunciado de palabras da 4ª e 5ª declinación.</p> <p>2.2. O enunciado do verbo. Os temas verbais. Coñecemento do enunciado do verbo latino e identificación dos temas de presente e perfecto no mesmo.</p> <p>2.3. O pretérito perfecto de indicativo activo. Identificación da morfoloxía do pretérito perfecto activo e o seu uso.</p> <p>2.4. Tradución: aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e das preposicións de lugar.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Identificación, definición e clasificación do léxico de substantivos da 4 e 5ª declinación e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos das linguas propias, doutras linguas romances e do inglés.</p> <p>3.2. Estudo de latinismos de uso frecuente: definición e emprego correcto nas linguas propias dos latinismos estudados.</p>
--	--

	<p>expresión de conceptos nas linguas propias.</p> <p>3.5. Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario das linguas propias e os cambios fonéticos producidos.</p> <p>3.6. Interese polo o significado que aportan os principais lexemas de orixe grega no léxico das linguas propias e o seu emprego correcto.</p> <p>4. Textos</p> <p>Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.</p>	<p>3.3. A evolución do latín ás linguas romances. Estudo da evolución fonética do latín: <i>o</i> breve tónica e <i>e</i> breve tónica. Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.</p> <p>3.4. A creación de novos termos: principais lexemas de orixe grega. Identificación no léxico das propias linguas e coñecemento do significado que aportan os principais lexemas de orixe grega estudados.</p> <p>4. Textos</p> <p>-<i>Tanta cupido gloriae incesserat</i> (Salustio, <i>A conxuración de Catilina</i>, VII)</p> <p>-Horacio Cocles, un heroe romano.</p>
8	<p>1. Legado</p> <p>1.1. Coñecer as principais características da relixión romana, os seus cultos e divindades.</p> <p>1.2. Valorar o papel que desempeñou a relixión en Roma e a súa influencia na historia da relixión cristiá.</p> <p>2. Lingua</p> <p>2.1. Coñecer a morfoloxía os pronomes demostrativos e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>2.2. Coñecer a morfoloxía os persoais e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>2.3. Coñecer a morfoloxía do pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activo latino e a súa tradución.</p> <p>2.4. Promover o interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina e valoración do seu coñecemento para un mellor uso das linguas propias.</p> <p>2.5. Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos</p>	<p>1. Legado</p> <p>A relixión en Roma.</p> <p>-Coñecemento das principais características da relixión romana, os seus cultos e divindades.</p> <p>2. Lingua</p> <p>2.1. Os pronomes demostrativos. Identificación dos pronomes demostrativos (forma e significado) e das súas principais funcións.</p> <p>2.2 Os pronomes persoais. Identificación dos pronomes persoais (forma e significado) e das súas principais funcións.</p> <p>2.3. O pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activo. Identificación da morfoloxía do pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activo e o seu uso.</p> <p>2.4. Tradución: aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións</p>

	<p>da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p> <p>2.6. Promover o aprecio pola correcta interpretación dos textos.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Coñecer léxico de frecuencia (substantivos, adxectivos e verbos e a súa achega ao léxico das linguas propias do alumno/a e doutras linguas modernas.</p> <p>3.2. Valorar o coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico das linguas propias e o seu uso correcto (ortográfico, semántico ...).</p> <p>3.3. Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>3.4. Interese pola precisión que aportan os latinismos na expresión de conceptos nas linguas propias.</p> <p>3.5. Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario das linguas propias e os cambios fonéticos producidos.</p> <p>3.6. Interese polo o significado que aportan os principais lexemas ao léxico científico e técnico das linguas propias e o seu emprego correcto.</p> <p>4. Textos</p> <p>Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.</p>	<p>sinxelas, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e das preposicións de lugar.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Identificación, definición e clasificación do léxico latino de frecuencia estudado na e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos das linguas propias, doutras linguas romances e do inglés.</p> <p>3.2. Estudo de latinismos de uso frecuente: definición e emprego correcto nas linguas propias dos latinismos estudados.</p> <p>3.3. A evolución do latín ás linguas romances. Estudo da evolución fonética do latín: vogais átonas postónicas e <i>f</i>-inicial latino ante vogal. Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.</p> <p>3.4. A creación de novos termo. O vocabulario da ciencia e da técnica: a natureza, a materia e a forma. Identificación no léxico das propias linguas e coñecemento do significado que aportan os principais lexemas estudados.</p> <p>4. Textos</p> <p>-O edicto de Milán (Lactancio, <i>Sobre as mortes dos perseguidores</i>, 48)</p> <p>-Os deuses romanos.</p>
9	<p>1. Legado</p> <p>1.1. Coñecer os principais trazos da organización familiar, o matrimonio e a infancia, así como o proceso de formación dos mozos.</p> <p>1.2. Valoración da organización familiar como base da</p>	<p>1. Legado</p> <p>A familia e a educación.</p> <p>-Identificación dos principais tipos de matrimonio romano e as súas características, da infancia e educación dos nenos e mozos romanos. Comparación co</p>

<p>organización social romana e da educación como proceso de civilización da sociedade.</p> <p>2. Lingua</p> <p>2.1. Coñecer a morfoloxía do modo subxuntivo (presente, imperfecto, perfecto e pluscuamperfecto) en voz activa e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>2.2. Identificar os valores do subxuntivo e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos.</p> <p>2.3. Coñecer a morfoloxía dos numerais cardinais <i>unus, -a, -um, duo duae duo e tres tria</i>.</p> <p>2.4. Promover o interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina e valoración do seu coñecemento para un mellor uso das linguas propias.</p> <p>2.5. Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas.</p> <p>2.6. Promover o aprecio pola correcta interpretación dos textos.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Coñecer léxico de frecuencia (substantivos, adxectivos e verbos e a súa achega ao léxico das linguas propias do alumno/a e doutras linguas modernas.</p> <p>3.2. Valorar o coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico das linguas propias e o seu uso correcto (ortográfico, semántico ...).</p> <p>3.3. Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>3.4. Interese pola precisión que aportan os latinismos na expresión de conceptos nas linguas propias.</p>	<p>matrimonio e educación na sociedade moderna.</p> <p>2. Lingua</p> <p>2.1. As formas de subxuntivo. Identificación da formación do presente, imperfecto, perfecto e pluscuamperfecto de subxuntivo latinos.</p> <p>2.2. Identificación dos valores do subxuntivo e aplicación dos mesmos na súa tradución.</p> <p>2.3. Os numerais cardinais <i>unus, -a, -um, duo duae duo e tres tria</i>.</p> <p>2.4. Tradución: aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e das preposicións de lugar.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Identificación, definición e clasificación do léxico latino de frecuencia estudado na e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos das linguas propias, doutras linguas romances e do inglés.</p> <p>3.2. Estudo de latinismos de uso frecuente: definición e emprego correcto nas linguas propias dos latinismos estudados.</p> <p>3.3. A evolución do latín ás linguas romances. Estudo da evolución fonética do latín: grupos iniciais latinos <i>cl-, fl-, pl-</i> e grupo intermedio <i>-ct-</i>. Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.</p> <p>3.4. A creación de novos termo. O vocabulario da ciencia e da técnica: o corpo humano e os números. Identificación no léxico das propias linguas e coñecemento do</p>
--	--

	<p>3.5. Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario das linguas propias e os cambios fonéticos producidos.</p> <p>3.6. Interese polo o significado que aportan os principais lexemas ao léxico científico e técnico das linguas propias e o seu emprego correcto.</p> <p>4. Textos Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.</p>	<p>significado que aportan os principais lexemas estudados.</p> <p>4. Textos -Consellos para o mestre (Quintiliano, <i>A instrución do orador</i> II 2). -Lucrecia</p>
10	<p>1. Legado 1.1. Coñecer as principais manifestacións de ocio na sociedade romana. Analizar e valorar esas manifestacións de ocio en relación coas actuais. 1.2. Aprecio do ocio como unha manifestación de civilización e valoración crítica das manifestacións de ocio na sociedade romana.</p> <p>2. Lingua 2.1. Coñecer a morfoloxía do infinitivo de presente e perfecto activos e identificar os seus valores e funcións e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos. 2.2. Coñecer as principais funcións dos casos e aplicar o seu coñecemento na tradución de textos. 2.3. Promover o interese polo coñecemento da morfoloxía e sintaxe latina e valoración do seu coñecemento para un mellor uso das linguas propias. 2.4. Aplicar correctamente os coñecementos lingüísticos da unidade na tradución e retroversión de oracións sinxelas latinas. 2.5. Promover o aprecio pola correcta interpretación dos</p>	<p>1. Legado O ocio. -Coñecemento das principais manifestacións de ocio na sociedade romana e comparación coas manifestacións de ocio actuais.</p> <p>2. Lingua 2.1.O infinitivo. Recoñecemento da morfoloxía do infinitivo de presente e perfecto activos e das súas funcións, e aplicación correcta na tradución de textos 2.2.Os valores dos casos. Identificación dos valores principais dos casos e a súa aplicación na tradución. 2.3. Tradución: aplicación correcta dos coñecementos morfolóxicos na tradución directa e inversa de oracións sinxelas, con especial interese na morfoloxía e sintaxe verbal e das preposicións de lugar.</p> <p>3. Léxico 3.1. Identificación, definición e clasificación do léxico latino de frecuencia estudado na e identificación da súa relación semántica ou léxica con termos das linguas propias, doutras linguas romances e do inglés.</p>

<p>textos.</p> <p>3. Léxico</p> <p>3.1. Coñecer léxico de frecuencia (substantivos, adxectivos e verbos e a súa achega ao léxico das linguas propias do alumno/a e doutras linguas modernas.</p> <p>3.2. Valorar o coñecemento do léxico latino para o coñecemento da orixe do léxico das linguas propias e o seu uso correcto (ortográfico, semántico ...).</p> <p>3.3. Coñecer os latinismos de uso frecuente.</p> <p>3.4. Interese pola precisión que aportan os latinismos na expresión de conceptos nas linguas propias.</p> <p>3.5. Interese por coñecer a orixe latina do vocabulario das linguas propias e os cambios fonéticos producidos.</p> <p>3.6. Interese polo o significado que aportan os principais lexemas ao léxico científico e técnico das linguas propias e o seu emprego correcto.</p> <p>4. Textos</p> <p>Desenvolver as competencias básicas a través dos textos.</p>	<p>3.2. Estudo de latinismos de uso frecuente: definición e emprego correcto nas linguas propias dos latinismos estudados.</p> <p>3.3. A evolución do latín ás linguas romances. Estudo da evolución fonética do latín: grupos latinos <i>-cul-</i> e <i>-li-</i>. Coñecemento e aplicación ao léxico latino das regras estudadas.</p> <p>3.4. A creación de novos termo. O vocabulario da ciencia e da técnica: a sociedade, percepción e sentimentos. Identificación no léxico das propias linguas e coñecemento do significado que aportan os principais lexemas estudados.</p> <p>4. Textos</p> <p>-Séneca presencia un espectáculo de gladiadores. (Séneca, <i>Cartas morales a Lucilio</i>, 7, 35, 2)</p> <p>-Diversos xogos celebrados por Nerón.</p>
---	---

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

O curso escolar consta dunhas 35 semanas de clase. A materia de Latín ten unha carga horaria de tres sesións semanais, polo que, ao longo do curso, se disporá de aproximadamente 100 horas de clase que se distribuirán dedicando 9 sesións ao desenvolvemento de cada unha das unidades recollidas na programación de contidos e reservando 10 para a realización de probas de avaliación. Este reparto ten un carácter orientativo xa que convirá ilo axustando en función das necesidades que vaian xurdindo na práctica docente, co fin de procurar a debida atención ás dificultades que se manifesten, en caso de producirse.

CONTRIBUCIÓN DO LATÍN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A. Competencia en comunicación lingüística.

A materia de Latín contribuirá ao desenvolvemento desta competencia a través de:

- Lectura comprensiva dos temas e textos propostos.
- Realizando actividades de expresión oral e escrita sobre os temas e textos propostos.
- Realizando comentarios de texto.
- Realizando actividades de coñecemento da morfosintaxe da lingua latina, que posibilitan unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo, ou recibiron unha achega léxica importante da lingua latina.
- Lendo en voz alta e comentando textos latinos traducidos.
- Definindo léxico latino e palabras relacionadas con el nas súas linguas propias.
- Coñecendo o significado e usando os latinismos propostos.
- Aplicando as regras de evolución aprendidas, ampliando o vocabulario básico e potenciando a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación
- Identificando os principais morfemas derivativos (prefixos e sufixos) e lexemas de orixe grega e latina formantes das palabras das súas linguas propias e sabendo definir as palabras a partir deles, proporcionando a comprensión e incorporación dun vocabulario culto e explicando o vocabulario específico de termos científicos e técnicos.
- Traducindo as oracións propostas con corrección léxica e morfosintáctica, o que proporciona a adquisición da habilidade para recoller e procesar a información dada e utilizala apropiadamente.
- Relacionando os coñecementos lingüísticos adquiridos en latín coas linguas propias e outras linguas que coñeza o alumno/a.
- Mediante o coñecemento da historia e evolución da lingua latina, fomentando o ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes ámbitos xeográficos e sociais, así como do diálogo entre as culturas; igualmente o interese e o respecto por todas as linguas,

incluíndo as antigas e as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas.

2. Competencia en aprender a aprender.

A materia de Latín contribuirá ao desenvolvemento desta competencia a través de:

- Realizando traballos que impliquen busca, selección, tratamento e exposición da información.
- Valorando os traballos, probas e actividades realizadas, destacando os seus logros e analizando os seus erros, co fin de mellorar o proceso de aprendizaxe.
- Realizando esquemas a partir de exposicións e de textos e desenvolvendo redaccións a partir dun enunciado.
- Exercitando a memoria mediante a recuperación de datos.
- Realizando traballos en grupo.
- Situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico.

3. Competencia en autonomía e iniciativa persoal.

A materia de Latín contribuirá ao desenvolvemento desta competencia a través de:

- Planificando traballos individuais e en grupo que comporten un proceso de análise, formulación, desenvolvemento e exposición.
- Manifestando as opinións propias sobre os temas propostos.
- Realizando actividades que axuden a desenvolver no alumno/a actitudes de responsabilidade, creatividade, perseveranza e elección responsable.

4. Competencia no tratamento da información e competencia dixital.

A materia de Latín contribuirá ao desenvolvemento desta competencia a través de:

- Accedendo a todo tipo de información (escrita, sonora, audiovisual, etc.) a través das TIC; seleccionando a información obtida a través das TIC.
- Elaborando e preparando traballos individualmente e en grupo utilizando as TIC.
- Expoñendo traballos individualmente e en grupo a través das TIC.

5. Competencia cultural e artística.

A materia de Latín contribuirá ao desenvolvemento desta competencia a través de:

- Coñecendo, analizando e valorando, mediante o estudo da lingua, da literatura, da historia e cultura de Roma e a lectura de textos, as súas manifestacións culturais e artísticas e o patrimonio arqueolóxico.
- Facendo valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico.
- Favorecendo a interpretación da literatura posterior, en que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura.

- Coñecendo, analizando e valorando a pegada cultural e artística de Roma en Europa, en España e en Galicia.
- Valorando as diferenzas e semellanzas entre as manifestacións culturais do mundo romano e a sociedade actual.
- Realizando traballos individualmente ou en grupo sobre aspectos culturais relacionados cos textos propostos.

6. Competencia social e cidadá.

A materia de Latín contribuirá ao desenvolvemento desta competencia a través de:

- O coñecemento das institucións e o modo de vida dos romanos que é o referente histórico de organización social, a participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes das persoas e das colectividades, no ámbito e o contorno dunha Europa diversa, unida no pasado pola lingua latina.
- O coñecemento das desigualdades existentes na sociedade romana, favorecendo unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos.
- Fomentando no alumnado unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos.
- Desenvolvendo unha actitude tolerante ante a diversidade de ideas e crenzas.
- Realizando traballos en equipo (participación, formulación das ideas propias, aprender a escoitar aos demais, aprender a decidir en grupo, aprender dos demais, etc.)
- Realizando actividades de información sobre a sociedade, as institucións, a organización política, a relixión e manifestacións culturais e de ocio romanas, valorando as diferenzas e semellanzas coa sociedade actual, asumindo aquelas actitudes que favorecen a competencia social e cidadá e valorando criticamente as que non.

7. Competencia matemática.

A materia de Latín contribuirá ao desenvolvemento desta competencia a través de:

- A lóxica interna da técnica da tradución.
- Realizando actividades que impliquen interpretar e expresar con claridade e precisión, informacións, datos e argumentacións.

8. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

A materia de Latín contribuirá ao desenvolvemento desta competencia a través de:

- Interpretando e analizando mapas, localizando xeograficamente a cidade de Roma, Italia e o Imperio Romano e analizando os aspectos do mundo físico que aparecen no estudo da cultura e os textos estudados.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Os alumnos de 4º ESO que elixiron Latín como materia optativa encóntranse por primeira vez co estudo desta lingua. Algúns puideron cursar en 3º ESO a materia de Cultura Clásica polo que esta parte do alumnado pode ter algún coñecemento sobre a evolución do Latín ás linguas romances, sobre os conceptos de palabra patrimonial, cultismo e semicultismos, sobre a subsistencia nas linguas romances de prefixos, sufixos e lexemas de orixe grega e latina e o seu significado e tamén sobre a historia e sociedade romana. Todo o alumnado debeu estudar en 1º ESO a historia da antiga Roma na materia de Ciencias Sociais.

En todo caso, será necesario comprobar a comezo de curso ata onde chegan os coñecementos previos do alumnado en todos estes aspectos. Por outra banda, o estudo da lingua latina require do dominio duns fundamentos básicos de lingua castelá e/ou galega.

Realizarase a comezo de curso una proba escrita na que se formulen cuestións que permitan á profesora avaliar o nivel de coñecementos do alumnado en morfoloxía e sintaxe galega e/ou castelá e en diversos aspectos da historia e sociedade romana. Esta proba permitirá tamén á profesora detectar os diferentes niveis de dominio das competencias do alumnado para darlles unha atención máis diversificada en función das súas necesidades. Os resultados desta proba só se terán en conta a efecto de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos/as.

Ao principio de cada unha das unidades e bloques de contidos, tamén a profesora formulará ao alumnado unhas cuestións que lle permitan coñecer desde que punto deben empezar as explicacións e o grao de reforzamento que requiren.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
1	<ul style="list-style-type: none"> -Recoñece a orixe da lingua latina e as principais fases da súa historia. -Coñece o alfabeto latino, a súa pronunciación e as súas principais regras fonéticas. -Recoñece os conceptos de evolución fonética, palabra patrimonial, cultismo e semicultismo, composición e derivación e latinismo. -Realiza de forma correcta as actividades relacionadas co desenvolvemento de competencias propostas na unidade.
2	<p>1. Legado</p> <ul style="list-style-type: none"> -Sabe situar Roma xeográfica e historicamente. Coñece a lenda sobre a súa orixe e a interpretación histórica da mesma. <p>2. Lingua</p> <ul style="list-style-type: none"> -Coñece as clases de palabras, identifica os seus compoñentes e as categorías gramaticais que afectan ao substantivo. -Recoñece os casos latinos e identifica a súa función. Recoñece as 5 declinacións. -Identifica as palabras latinas da 1ª declinación polo seu enunciado, coñece as súas desinencias casuais e funcións que desempeñan. -Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión. <p>3. Léxico</p> <ul style="list-style-type: none"> -Coñece o léxico latino da 1ª declinación estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico das linguas propias ou doutras linguas romances ou o inglés. -Emprega correctamente os latinismos estudados. -Identifica correctamente as regras fonéticas estudadas sabendo explicar as evolucións dende o léxico latino ata o das linguas propias. -Identifica os prefixos de orixe latina estudados no léxico das linguas propias e coñece o significado que lle aportan. <p>4. Textos</p> <ul style="list-style-type: none"> -Realiza de forma correcta as actividades relacionadas co desenvolvemento de competencias propostas na unidade.

3	<p>1. Legado -Sabe situar cronoloxicamente a historia de Roma, os seus principais períodos, formas de goberno e personaxes.</p> <p>2. Lingua -Identifica as palabras latinas da 2ª declinación polo seu enunciado, coñece as súas desinencias casuais e funcións que desempeñan. -Identifica os adxectivos latinos 2-1-2 polo seu enunciado, recoñece as súas desinencias casuais e funcións que desempeñan. Identifica a concordancia do adxectivo. -Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p> <p>3. Léxico -Coñece o léxico latino da 2ª declinación e dos adxectivos 2-1-2 estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico das linguas propias ou doutras linguas romances ou o inglés. -Emprega correctamente os latinismos estudados. -Identifica correctamente as regras fonéticas estudadas sabendo explicar as evolucións dende o léxico latino ata o das linguas propias. -Identifica os sufixos de orixe latina estudados no léxico das linguas propias e coñece o significado que lle aportan.</p> <p>4. Textos -Realiza de forma correcta as actividades relacionadas co desenvolvemento de competencias propostas na unidade.</p>
4	<p>1. Legado -Recoñece o proceso de romanización de Hispania, tanto na súa conquista, como na organización política, social e económica e as pegadas artísticas.</p> <p>2. Lingua -Coñece e identifica as conxugacións latinas a partir do seu enunciado. -Coñece e identifica a formación do presente de indicativo activo, a súa tradución e uso. -Recoñece as principais preposicións de lugar estudadas na unidade, o seu significado e o seu emprego. -Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p> <p>3. Léxico</p>

	<p>-Coñece o léxico latino de verbos estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico das linguas propias ou doutras linguas romances ou o inglés.</p> <p>-Emprega correctamente os latinismos estudados.</p> <p>-Identifica correctamente as regras fonéticas estudadas sabendo explicar as evolucións dende o léxico latino ata o das linguas propias.</p> <p>-Identifica os lexemas de orixe latina estudados no léxico das linguas propias e coñece o significado que lle aportan.</p> <p>4. Textos</p> <p>-Desenvolve as competencias básicas a través das actividades e textos propostos.</p>
5	<p>1. Legado</p> <p>-Recoñece as clases sociais de Roma e as súas principais características.</p> <p>2. Lingua</p> <p>-Identifica as palabras latinas da 3ª declinación (temas en consonante) polo seu enunciado, coñece as súas desinencias casuais e funcións que desempeñan.</p> <p>-Coñece e identifica a formación do pretérito imperfecto de indicativo activo, a súa tradución e uso.</p> <p>-Recoñece as principais oracións coordinadas latinas e os seus nexos.</p> <p>-Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p> <p>3. Léxico</p> <p>-Coñece o léxico latino de substantivos da 3ª declinación estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico das linguas propias ou doutras linguas romances ou o inglés.</p> <p>-Emprega correctamente os latinismos estudados.</p> <p>-Identifica correctamente as regras fonéticas estudadas sabendo explicar as evolucións dende o léxico latino ata o das linguas propias.</p> <p>-Identifica os prefixos de orixe grega estudados no léxico das linguas propias e coñece o significado que lle aportan.</p> <p>4. Textos</p> <p>-Desenvolve as competencias básicas a través das actividades e textos propostos.</p>
6	<p>1. Legado</p> <p>-Recoñece as principais maxistraturas romanas, composición e atribucións do Senado e os tipos de asembleas.</p>

	<p>2. Lingua</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identifica as palabras latinas da 3ª declinación (temas en -i) polo seu enunciado, coñece as súas desinencias casuais e funcións que desempeñan. -Identifica os adxectivos latinos da 3ª declinación polo seu enunciado, recoñece as súas desinencias casuais e funcións que desempeñan. Identifica a concordancia do adxectivo. -Coñece e identifica a formación do futuro imperfecto de indicativo activo, a súa tradución e uso. -Recoñece as principais oracións coordinadas latinas e os seus nexos. -Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión. <p>3. Léxico</p> <ul style="list-style-type: none"> -Coñece o léxico latino de substantivos da 3ª declinación estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico das linguas propias ou doutras linguas romances ou o inglés. -Emprega correctamente os latinismos estudados. -Identifica correctamente as regras fonéticas estudadas sabendo explicar as evolucións dende o léxico latino ata o das linguas propias. -Identifica os sufixos de orixe grega estudados no léxico das linguas propias e coñece o significado que lle aportan. <p>4. Textos</p> <ul style="list-style-type: none"> -Desenvolve as competencias básicas a través das actividades e textos propostos.
7	<p>1. Legado</p> <ul style="list-style-type: none"> -Recoñece os principais aspectos organizativos do exército romano e as súas estratexias. <p>2. Lingua</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identifica as palabras latinas da 4ª e 5ª declinación polo seu enunciado, coñece as súas desinencias casuais e funcións que desempeñan. -Coñece o enunciado dos verbos latinos e identifica os temas de presente e perfecto. -Coñece e identifica a formación do pretérito perfecto de indicativo activo, a súa tradución e uso. -Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión. <p>3. Léxico</p>

	<p>-Coñece o léxico latino de substantivos da 4ª e 5ª declinación estudado na unidade e identifica súa relación semántica ou léxica co léxico das linguas propias ou doutras linguas romances ou o inglés.</p> <p>-Emprega correctamente os latinismos estudados.</p> <p>-Identifica correctamente as regras fonéticas estudadas sabendo explicar as evolucións dende o léxico latino ata o das linguas propias.</p> <p>-Identifica os lexemas de orixe grega estudados no léxico das linguas propias e coñece o significado que lle aportan.</p> <p>4. Textos</p> <p>-Desenvolve as competencias básicas a través das actividades e textos propostos.</p>
8	<p>1. Legado</p> <p>-Recoñece as principais características da relixión en Roma, os seus tipos de culto e as divindades.</p> <p>2. Lingua</p> <p>-Identifica as formas e significados dos pronomes demostrativos e as súas funcións.</p> <p>-Identifica as formas e significados dos pronomes persoais e as súas funcións.</p> <p>-Coñece e identifica a formación do pretérito pluscuamperfecto e do futuro perfecto de indicativo activo, a súa tradución e uso.</p> <p>-Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p> <p>3. Léxico</p> <p>-Coñece o léxico latino de frecuencia estudado na unidade e identifica súa relación semántica ou léxica co léxico das linguas propias ou doutras linguas romances ou o inglés.</p> <p>-Emprega correctamente os latinismos estudados.</p> <p>-Identifica correctamente as regras fonéticas estudadas sabendo explicar as evolucións dende o léxico latino ata o das linguas propias.</p> <p>-Identifica os lexemas estudados no léxico científico e técnico das linguas propias e coñece o significado que lle aportan.</p> <p>4. Textos</p> <p>-Desenvolve as competencias básicas a través das actividades e textos propostos.</p>
9	<p>1. Legado</p>

	<p>-Recoñece os principais tipos de matrimonio e as súas características, os principais fitos da infancia dun neno romano e as etapas da educación.</p> <p>2. Lingua</p> <p>-Coñece e identifica as formas do presente, pretérito imperfecto, perfecto e pluscuamperfecto de subxuntivo activo latinos.</p> <p>-Identifica os valores do subxuntivo e aplícaos correctamente na tradución.</p> <p>-Coñece e identifica as formas latinas dos numerais cardinais un, dous e tres.</p> <p>-Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p> <p>3. Léxico</p> <p>-Coñece o léxico latino de frecuencia estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico das linguas propias ou doutras linguas romances ou o inglés.</p> <p>-Emprega correctamente os latinismos estudados.</p> <p>-Identifica correctamente as regras fonéticas estudadas sabendo explicar as evolucións dende o léxico latino ata o das linguas propias.</p> <p>-Identifica os lexemas estudados no léxico científico e técnico das linguas propias e coñece o significado que lle aportan.</p> <p>4. Textos</p> <p>-Desenvolve as competencias básicas a través das actividades e textos propostos.</p>
10	<p>1. Legado</p> <p>-Recoñece as principais manifestacións de ocio na sociedade romana e analiza o seu significado na sociedade romana e actual.</p> <p>2. Lingua</p> <p>-Coñece e identifica as formas de infinitivo de presente e perfecto activos, as súas funcións e aplícaos correctamente na tradución de textos.</p> <p>-Identifica os valores dos casos latinos e aplícaos correctamente na tradución de textos.</p> <p>-Aplica correctamente os coñecementos lingüísticos estudados ata o momento na tradución de oracións latinas e a retroversión.</p>

3. Léxico

-Coñece o léxico latino de frecuencia estudado na unidade e identifica a súa relación semántica ou léxica co léxico das linguas propias ou doutras linguas romances ou o inglés.

-Emprega correctamente os latinismos estudados.

-Identifica correctamente as regras fonéticas estudadas sabendo explicar as evolucións dende o léxico latino ata o das linguas propias.

-Identifica os lexemas estudados no léxico científico e técnico das linguas propias e coñece o significado que lle aportan.

4. Textos

-Desenvolve as competencias básicas a través das actividades e textos propostos.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

- **Legado**

- Coñece a orixe e principais fases da historia da lingua latina.
- Localiza xeográfica e historicamente Roma.
- Recoñece o marco histórico de Roma e os seus principais períodos.
- Recoñece os principais aspectos da romanización de Hispania.
- Coñece a organización social de Roma, as súas clases sociais e as súas principais características.
- Coñece as principais maxistraturas romanas, o Senado e as asembleas como base da organización política de Roma.
- Coñece a organización do exército romano.
- Coñece as principais características da relixión romana, os seus cultos e divindades.
- Identifica os principais tipos de matrimonio romano e as súas características, e coñece os datos básicos da infancia e educación dos nenos e mozos romanos.
- Coñece as principais manifestacións do ocio na sociedade romana.

- **Lingua latina:**

- Coñece o alfabeto latino: grafías, pronunciación e principais normas fonéticas.
- Identifica as clases de palabras, as categorías do nome, casos e as súas funcións e declinacións en latín.
- Coñece e identifica as cinco declinacións latinas.
- Coñece e identifica os distintos tipos de adxectivos latinos e coñece as normas de concordancia.
- Coñece e identifica as conxugacións latinas, os enunciados dos verbos latinos, o tema de presente e de perfecto, os tempos da voz activa dos verbos regulares e do verbo SUM.
- Coñece e sabe usar os pronomes demostrativos e persoais.
- Coñece os numerais cardinais un, dous e tres
- Coñece e identifica as principais preposicións latinas.
- Coñece e identifica o infinitivo de presente e de perfecto.
- Aplica na tradución os coñecementos lingüísticos aprendidos.

- **Léxico:**

- Identifica o léxico básico estudado nas unidades.
- Identifica os prefixos, sufixos e lexemas de orixe latina e grega estudados no léxico das linguas propias e coñece o significado que aportan.
- Coñece e sabe usar os latinismos estudados.
- Coñece as principais regras de evolución estudadas e sabe aplicalas para explicar a evolución do léxico latino ao léxico das linguas propias.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos para obter información no proceso de avaliación serán variados e incluírán entre outros:

- Observación: Atención ao proceso de aprendizaxe do alumnado, dirixida a seleccionar información de acordo con indicadores previamente fixados (asiste a clase con regularidade ou non, asiste a clase con puntualidade ou non, asiste a clase provisto do material necesario para levar un correcto seguimento das actividades que se realice ou non, realiza os exercicios encomendados ou non, a calidade da execución dos exercicios é satisfactoria ou non, amosa unha actitude participativa nas clases ou non, ten un comportamento axeitado na clase, ...)
- Interrogación: Preguntar directamente ao alumnado mediante entrevista ou cuestionario para obter información sobre o proceso de aprendizaxe.
- Producións dos alumnos/as: traballos individuais ou en grupo realizados na clase ou na casa, caderno de clase dos alumnos.
- Probas nas súas diversas modalidades (orais, escritas, individuais, colectivas)

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Información rexistrada no caderno de clase da profesora, obtida mediante a observación da actitude e traballo do alumnado na clase, a valoración realizada pola profesora das intervencións do alumnado, dos exercicios e traballos presentados, do caderno de clase do alumno/a, dos exames e probas ...
- Caderno do alumno/a onde realizará as actividades encomendadas. Valorarase a posta ao día, a calidade da presentación e a corrección do seu contido.
- Traballos realizados polo alumnado.
- Probas realizadas polo alumnado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación das avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª) será o resultado da suma das seguintes puntuacións:

A. -Ata 8 puntos as cualificacións obtidas nas probas escritas ou exames que se realicen. Neles puntuaranse do seguinte xeito os contidos obxecto de exame:

-Ata 5 puntos os contidos de lingua latina traballados. Os contidos obxecto de exame serán sempre todos os estudados dende comezo do curso. Realizarase polo menos un exame en cada avaliación. En caso de realizar máis de un, a cualificación obterase de acordo coas seguintes condicións: se un alumno/a suspendese varios exames ao longo da avaliación, no caso de realizárense, e aprobase o último, sería a cualificación deste último a que contaría para a cualificación da avaliación; se un alumno/a aprobase varios exames ao longo da avaliación e non aprobase o último, a cualificación final da avaliación sería a media das cualificacións obtidas nas probas sobre lingua latina realizadas ao longo do trimestre.

-Ata 1'5 puntos os contidos do legado da civilización romana e ata 1'5 puntos os contidos sobre léxico.. Terán carácter eliminatorio, de xeito que, unha

vez superada, a materia non volverá ser obxecto de exame. En caso de non superala, o profesor/a poderá realizar unha proba de recuperación, se o considera oportuno. Se se realizasen varios exames ao longo da avaliación, a cualificación que sumará para a obtención da cualificación da avaliación será a media das obtidas neles.

Nas probas escritas penalizaranse as faltas de ortografía ata un máximo de 1 punto. As faltas leves baixan 0'12 e as máis graves poden chegar a -0'5. Ditas probas escritas só se sumarán á cualificación final, se chegan a un mínimo de 2'5 puntos.

B. -Ata 1 punto a cualificación correspondente á valoración que realice a profesora trala revisión do caderno de clase do alumno/a e dependerá da presentación do mesmo (0'2 puntos), do seu grao de corrección (0'4 puntos) e da posta ao día (0'4 puntos).

C. -Ata 1 punto a cualificación correspondente á valoración que realice a profesora en función das anotacións que teña realizadas no seu caderno de clase sobre a asistencia regular e puntual a clase, se acude provisto do material necesario para levar un correcto seguimento do traballo, se realiza as tarefas encomendadas, se as realiza de xeito satisfactorio, se presta a debida atención, se ten un comportamento correcto. Irase descontando 0'10 puntos por cada falta de puntualidade ou de asistencia sen xustificar, se acude sen material, se non realiza os exercicios encomendados e se non presta atención ou non mantén un comportamento correcto.

Unha vez acadada a cualificación mínima de 5 puntos neses apartados, o alumno/a poderá, se o desexa, mellorar a cualificación final ata un máximo de 1 punto mediante a presentación de traballos voluntarios sobre temas ou sobre un libro de lectura acordados entre a profesora e o alumno/a

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación, consignadas na acta e no boletín, expresaranse coas indicacións de insuficiente/suficiente/ben/notable/sobresaliente acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais. A cualificación obtida en cada trimestre redondearase ao enteiro superior ou inferior dependendo da valoración realizada pola profesora da actitude do alumno/a na clase (apartado B): se esta é igual ou superior a 0'6, o redondeo farase ao enteiro superior; se esta é igual ou inferior a 0'5, o redondeo farase ao enteiro inferior.

- A cualificación da avaliación final ordinaria de xuño será o resultado da media das cualificacións das avaliacións parciais. En caso de que o alumno/a obtivera na terceira avaliación mellor cualificación que nas anteriores na parte das probas correspondentes ao contidos de lingua latina, neste apartado non se realizará a media, senón que se sumara a última cualificación obtida nesta parte á media das cualificacións obtidas nos restantes apartados. O redondeo farase igual que nas avaliacións parciais. Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

- Os alumnos/as que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, deberán realizar unha proba no mes de setembro, segundo o calendario e horario fixado polo Centro. Nesta proba, que será cualificada de 0 a

10, os contidos relativos a lingua latina computarán ata 6 puntos, os relativos ao legado cultural romano ata 2 puntos e os relativos ao léxico ata 2 puntos. A cualificación obtida redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0'5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto recomendado: Latín de 4º da ESO da Editorial Anaya. Autores: J.L. Navarro González e J.M. Rodríguez Jiménez. ISBN: 978-84-678-0271-0-. Depósito legal: M-1877-2012.
- Unha comedia latina traducida destinada á lectura destinada á lectura na clase.
- Diverso tipo de material audiovisual (documentais ou películas) e informático.
- Caderno de clase.
- Material fotocopiado como complemento do libro de texto.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía que se aplicará para o tratamento de cada unha das unidades das que consta a programación consistirá en:

- Exposición dos contidos que se van estudar na unidade e formulación de cuestións que permitan á profesora coñecer o nivel de coñecementos do que se parte e as ideas previas do alumnado sobre o tema, as posibles relacións e subsistencia dos aspectos a tratar coa sociedade actual.
- Lectura do texto de apertura da unidade, realización de actividades motivadoras e realización das cuestións que acompañan ao texto.
- En cada un dos bloques que conforman cada unidade (legado, lingua latina e léxico):
 - Realización de preguntas coa finalidade de descubrir as ideas previas do alumnado sobre o tema, as posibles relacións e subsistencia dos aspectos a tratar coa sociedade actual.
 - Exposición, explicación e análise dos contidos do bloque, subliñando os conceptos fundamentais, baseando a exposición nos coñecementos previos correctos do alumnado e revisando e corrixindo os erróneos, con referencias a contidos relacionados doutras materias ou, no seu caso, de unidades xa estudadas.
 - Lectura comprensiva por parte do alumnado dos bloques e realización das actividades correspondentes a cada un deles que procedan, a criterio da profesora. Elaboración de esquemas, resúmenes e/ou mapas conceptuais.
 - Revisión de actividades e traballos do alumnado por parte do profesor e corrección dos erros.

- Realización de actividades de consolidación, recuperación, ampliación e avaliación complementarias das realizadas.
- A metodoloxía será en todo momento activa e impulsora da participación do alumnado, que estimule a súa imaxinación e ordene as súas ideas, de xeito que a aprendizaxe sexa significativa e funcional. Promoverase o traballo por parellas ou en grupos de diferentes niveis de competencia co fin de contribuír á colaboración entre o alumnado.

Durante o presente curso o departamento de latín participará no traballo por proxectos "Ribeira e o mar" que se vai desenvolver no centro, polo que durante o trimestre ou trimestres elixidos para realizar o proxecto a metodoloxía e a forma de avaliar serán diferentes ás indicadas para o resto do curso, aplicándose a acordada no grupo de traballo.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade establécese como principio fundamental que debe rexer toda a ensinanza básica co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado una educación adecuada ás súas características e necesidades. Para lograr tal fin adoptaranse as seguintes medidas:

- Realización de probas de avaliación inicial que permitan identificar dificultades de partida no alumnado e indiquen ao profesor/a aqueles conceptos nos que convén profundar antes de seguir adiante e aqueles alumnos/as que necesitan un apoio e unha atención máis individualizada nas explicacións e na resolución dos exercicios.
- Realización de esquemas conceptuais que recollan a información básica dos temas tratados.
- Selección de actividades en función da diversidade do alumnado (actividades de desenvolvemento, de consolidación, de recuperación e ampliación).
- Agrupamentos apropiados para a mellor atención desa diversidade e interacción dos alumnos/as.
- En caso necesario, realización de adaptacións curriculares, significativas ou non, segundo proceda.
- Proposta de lecturas complementarias.

TEMAS TRANSVERSAIS E PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

- **Educación moral e cívica**
 - O estudo da diversidade de linguas e alfabetos, así como os contidos sobre a historia de Roma ou as accións dos principais personaxes históricos, desenvolverán nos alumnos/as unha actitude de tolerancia e respecto por outras culturas e pobos.
 - A análise crítica dos textos propostos fará reflexionar sobre os valores morais.
 - O coñecemento da orixe das cidades e do mito fundacional de Roma axudará aos alumnos/as a valorar a importancia da organización das

ciudades e a valorar o coñecemento da súa historia, así como a respectar e apreciar a cidade na que viven.

-O estudo do proceso de romanización de Hispania permitirá analizar de forma crítica o contacto entre pobos e a conquista duns polos outros e reflexionar sobre as achegas que Roma trouxo a Hispania, así como a influencia e contribución que Hispania realizou a Roma.

-O texto de Viriato (Unidade 4) permitirá reflexionar sobre aspectos como a traizón e a compra de vontade das persoas.

-O estudo das clases sociais e a conquista dos dereitos cidadáns permitirá formular a evolución da estrutura social desde Roma hasta a sociedade occidental moderna, subliñando e analizando criticamente situacións actuais de discriminación.

-O coñecemento das formas de goberno en Roma e as súas institucións políticas axudará ao alumnado a valorar a importancia das institucións das democracias occidentais e dos dereitos políticos dos cidadáns.

-O tema da guerra propiciará entre o alumnado o compromiso e a implicación persoal nos problemas da sociedade actual e a relación entre os países.

-O tema da relixión propiciará entre o alumnado a reflexión sobre o papel que xogaron as relixións na conformación do pensamento e da moral das distintas sociedades.

-A análise da relixión romana, a comparación e relación coa relixión cristiá e outras relixións fomentará entre os alumnos/as unha actitude de respecto polo diferente, de tolerancia e de compromiso como membros dunha sociedade.

-A familia como organización social fundamental da sociedade romana e da nosa permitirá que o alumnado poida comparar as súas respectivas funcións, organizacións e relacións internas, de xeito que se analice o importante papel que desempeña na sociedade e a transmisión dunha educación moral dos seus integrantes.

-A institución da educación en Roma desempeñaba un papel social e moral moi diferente do que desempeña na sociedade actual. Estudiar e sinalar esas diferenzas traerá consigo que os alumnos/as valoren os avances que proporcionou á nosa sociedade a organización da educación.

-O coñecemento das diversas manifestacións do ocio en Roma permitirá fomentar unha actitude tolerante ante a súa diversidade, crítica con aquelas moralmente reprochables, ao tempo que permitirá valorar a diferenza e a herdanza da sociedade romana na actual.

- **Educación para a paz e os dereitos humanos**

-Mediante o estudo da diversidade de linguas faladas en Europa e, en particular, a evolución do latín ás linguas romances o alumnado apreciará e valorará a diversidade lingüística e cultural de Europa e de España como mostra de convivencia e entre os pobos e riqueza cultural.

-O coñecemento da existencia de diversos tipos de escritura e, en particular dos alfabetos grego e latino, así como dos helenismos e das

expresións latinas, despertará un interese pola propia cultura e o legado de Roma.

-O estudo da historia e orixe de Roma e o seu posible traslado ao coñecemento da fundación de cidades actuais fomentará nos alumnos/as o coñecemento doutras cidades e o respecto por culturas e historias diferentes.

-O estudo da historia e da sociedade de Roma permitirá formular unha serie de cuestións relacionadas coas causas que motivan as guerras civís, as loitas de poder, as revolucións, etc., e os desastrosos resultados a que adoitan conducir as mesmas e a análise do particular caso de Roma.

-O estudo das causas e consecuencias dos enfrontamentos bélicos da historia de Roma axudará a desenvolver nos alumnos/as unha actitude crítica fronte ás guerras.

-O proceso de conquista de Hispania levou consigo situacións de sangentos enfrontamentos e accións heroicas (Sagunto, Numancia, etc.) o que permitirá reflexionar sobre a importancia que os pobos lle dan á loita pola propia liberdade.

-O tema da escravitude en Roma permitirá reflexionar sobre a importancia da loita polo respecto dos dereitos humanos na propia sociedade e noutras.

-A comparación entre a organización política de Roma e a das democracias modernas, así como con outras organizacións políticas doutros países permitirá que o alumnado poida valorar de forma crítica os aspectos positivos e negativos de cada unha delas e o respecto dos dereitos dos cidadáns nas mesmas.

-A análise crítica dos contidos do tema da guerra propiciará entre o alumnado o debate sobre as relacións internacionais, o rexeitamento da violencia nesas relacións e a defensa da liberdade, a xustiza e a igualdade nas mesmas.

-A comparación entre a función dos exércitos na Antigüidade e no mundo actual permitirá aos alumnos/as valorar a función de organismos como a ONU e o seu traballo pola paz, a seguridade internacional e a defensa dos dereitos humanos.

-O coñecemento das características da relixión romana permitirá cotexar coas características doutras relixións e os extremismos que, en diversas épocas históricas, propiciaron as chamadas guerras de relixión.

-O estudo dos dereitos que tiñan os distintos membros da familia romana e a figura primordial do *pater familias* permitirá valorar os avances realizados na nosa sociedade.

-A universalización do dereito á educación na sociedade española actual e a análise das clases sociais que o gozaban na antiga Roma farán valora o mesmo como un dereito fundamental e irrenunciable do home actual. Poderase facer unha reflexión sobre as causas de situacións actuais de desescolarización e promover unha actitude crítica fronte a certas situacións na sociedade actual.

-A análise de determinadas manifestacións do ocio, especialmente violentas, que se daban na sociedade romana axudará a que o alumnado

realice análises das manifestacións de ocio modernas con espírito crítico, aprendendo a diferenciar as que son socialmente positivas das que non, así como a detectar aquelas que poidan atentar contra os dereitos das persoas.

- **Educación para a igualdade entre mulleres e homes**

- A análise de figuras históricas femininas e o seu papel secundario nos principais acontecementos da historia de Roma fronte ao practicamente absoluto protagonismo dos homes permitirá reflexionar sobre a situación da muller na antiga Roma e cómo evolucionou hasta a actualidade.

- A situación da muller en Roma en relación aos seus dereitos cívicos e políticos permitirá que o alumnado reflexione sobre os avances producidos na sociedade e a defensa de que deben existir os mesmos dereitos e oportunidades para homes e mulleres.

- O estudo da organización militar en Roma e a súa comparación coa organización actual dos exércitos, concretamente co de España, permitirá debater e reflexionar sobre o papel da muller no exército actual.

- O papel que na relixión e na mitoloxía romana desempeñaron as mulleres permitirá realizar análises críticas do tratamento que sobre a igualdade se da noutras relixións.

- O papel que a muller e as nenas teñen na familia e na educación en Roma permitirá subliñar aspectos discriminatorios da sociedade romana e a súa permanencia en determinadas manifestacións da nosa sociedade. A análise crítica destas situacións fomentará nos alumnos/as a asunción de actitudes favorables á igualdade e de rexeitamento cara outras que poidan ser cualificadas de machistas.

- **Educación para o consumo**

- O estudo da sociedade romana permitirá debater sobre as necesidades de abastecemento das cidades, sobre o consumo de enerxía e necesidade de transportes que se produce nas grandes cidades, sobre a necesidade ou non de alternativas á grande cidade, desenvolvendo así unha actitude crítica nos alumnos/as ao respecto.

- Roma penetrou en Hispania, entre outras causas de carácter político, por razóns económicas. Isto permitirá debater sobre a importancia que na actualidade seguen mantendo para os países desenvolvidos os recursos naturais dos países en vías de desenvolvemento, moitas veces para satisfacer un consumo excesivo, o abuso nas relacións comerciais, as posibilidades para eses países en vías de desenvolvemento derivadas desas relacións, etc.

- O elevado custo que supoñía o exército romano levou ao seu mantemento á custa dos territorios conquistados (reparto de terras, botín, etc.). A comparación deste feito coa partida orzamentaria que se dedica nas sociedades actuais á defensa, propiciará a reflexión sobre o tema. Por outra banda, permitirá analizar criticamente cuestións como a venda de armas a terceiros países que permiten excelentes ingresos para os países que as fabrican.

- O papel que no ocio da sociedade romana xogou en determinados momentos a política, que o utilizou como instrumento para adormecer a

sociedade, facilitará unha análise crítica de determinadas manifestacións de ocio de masas actuais.

- **Educación ambiental**

-O estudo das pegadas da civilización romana que perduran no mundo actual permitirá promover no alumnado unha valoración e aprecio polas mesmas e un compromiso e unha implicación persoal no mantemento e conservación do noso patrimonio artístico, lingüístico e cultural.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

- Lectura comprensiva dos textos propostos no libro de texto e realización das actividades correspondentes.
Temporalización: ao longo de todo o curso.
- Lectura dramatizada en clase da tradución dunha comedia de Plauto comprensiva dun libro aínda por determinar.
Temporalización: unha semana do 2º trimestre.
- Lectura dunha selección de relatos sobre heroes da mitoloxía clásica.
Temporalización: en torno a cinco sesións do 3º trimestre.
- Ofertarase ao alumnado a posibilidade de mellorar a cualificación de cada unha das avaliacións e polo tanto tamén da final mediante a presentación de traballos sobre a lectura voluntaria de libros sobre tema clásico acordados entre o alumno/a e a profesora.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

- Busca de información en internet.
- Uso das TIC para a realización e exposición de actividades .
- Utilización do correo electrónico para intercambio de información, presentación de exercicios, etc.
- Actividades lúdico-formativas presentes na rede ou de material multimedia.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Valorarase e será tido en conta na cualificación da materia, tal como se contempla nos criterios de cualificación expostos na presente programación, se o alumno/a acude de xeito regular e puntual a clase, se acude provisto do material necesario para levar un correcto seguimento da materia, se amosa un comportamento correcto de respecto cara aos seus compañeiros e compañeiras e cara á profesora...
- Valorarase a corrección, a limpeza e o coidado na presentación do caderno de clase e dos traballos encomendados.
- Promoverase o coidado na conservación do mobiliario da aula e dos espazos comúns, así como na limpeza. A profesora encargarse de fomentar hábitos de orden e limpeza, e de respecto polos espazos.

- Promoverase o debate e confrontación de ideas, mantendo o respecto na orde das intervencións entre os compañeiros/as, as quendas de palabra, o silencio cando intervén outro membro do grupo, o respecto polos puntos de vista e opinións diferentes, ...
- Promoverase o traballo por parellas ou en grupos de diferentes niveis de competencia co fin de contribuír á colaboración e axuda mutua entre o alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E/OU

EXTRAESCOLARES

Visualización dalgunha película ou documentais de temas relacionados cos contidos de cultura e civilización. Realización de comentarios ou traballos sobre os mesmos.

- Asistencia a algunha representación teatral dunha obra clásica, por exemplo co gallo do Festival de Teatro Grecolatino Lugo 2014.
- Realización dalgunha viaxe coa fin de ver in situ restos arqueolóxicos de época romana. Como no curso de 4º organízase unha viaxe de fin de curso, pódese aproveitar para visitar arqueoloxía romana.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Na primeira sesión de clase a profesora expoñerá ao alumnado a información básica contida na presente programación, insistindo sobre todo nos contidos que se estudarán, nos contidos mínimos esixibles, e nos criterios de cualificación. Informará ao alumnado de que toda a información estará á súa disposición na páxina Web do centro para que poda consultala en calquera momento.

Tamén a xefa do departamento enviará por correo electrónico á dirección do centro a programación completa e un resumo coa información básica para que sexa incluída na páxina Web do centro onde poderán ser consultados por calquera membro da comunidade educativa que o desexe.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

Cómpre unha **avaliación do propio programa ou deseño**, tendo en conta o deseño en si, o proceso didáctico e os resultados. O resultado desta avaliación plasmarase nas actas periódicas das reunións de departamento e na memoria final de curso. Será necesario comprobar polo menos os seguintes aspectos

- Adecuación da materia de cada unidade didáctica ao tempo programado.
 - Valorar o grao de participación nas distintas tarefas por parte do alumnado.
- Adecuación dos exercicios programados, tanto en canto á cantidade, como en canto á gradación na dificultade dos mesmos.

- Valorar o grao de adquisición dos coñecementos por parte do alumnado e, en caso de parecer insuficiente, estudar os motivos e propoñer medidas para remedialo (exercicios de reforzo, ampliación, recuperación, maior afondamento nas explicacións, ampliación do tempo dedicado ...)

BACHARELATO

INTRODUCCIÓN

A materia de Latín no bacharelato proporciona as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental; permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo latín. Constitúe tamén un coñecemento imprescindible para todas as persoas que optaron por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais.

Os contidos propostos para Latín I e II en que se desenvolve a materia céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en catro bloques:

- Estudo progresivo das características da lingua latina.

A aprendizaxe da lingua latina e da súa gramática terá como obxectivo último a comprensión e tradución de textos literarios orixinais dunha complexidade progresiva, para o que é posible partir de textos adaptados ou elaborados. Segundo se suxire no DCB de Latín para 4º de ESO, parece recomendable seguir un método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

- Comprensión e interpretación de textos latinos.

Os textos seleccionados responderán a diferentes épocas e xéneros literarios e poderán presentarse, tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais. A práctica da tradución de textos latinos ha contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

- Estudo do léxico latino e a súa pervivencia en galego, castelán e outras linguas modernas.

A adquisición dun vocabulario latino, baseado nunha frecuencia de uso, constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao tempo que permite mellorar na expresión oral e escrita en galego e en castelán, así como en linguas estranxeiras. Pódese adquirir ese vocabulario básico a través dos textos traballados, co que a súa aprendizaxe se realiza nun contexto determinado que facilita a súa asimilación.

- A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para pór o alumnado en contacto coas mostras máis importantes da civilización romana: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e da sociedade romanas. A sistematización de todos eses

datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura romanas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua latina, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc.

A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos frecuente. Corresponde ao primeiro a lectura comprensiva e tradución de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización romana. Procurarase utilizar outras fontes e actividades complementarias tanto dentro da aula (novelas históricas, proxección de películas, material audiovisual que ilustre diversos aspectos da civilización romana, arquitectura, escultura, ...), como fóra da aula (conferencias, asistencia a representacións teatrais, realización de excursións coa finalidade de visitar museos, restos arqueolóxicos, monumentos, ...). Non parece recomendable o emprego do dicionario latino neste primeiro nivel.

No segundo curso avanza na lectura comprensiva e tradución de textos de maior complexidade, distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, así como o tratamento de aspectos específicos do legado romano. Recorrerase a boas traducións para autores de maior dificultade formal. Faise imprescindible insistir na relación entre contidos lingüísticos e culturais. Relacionarase a civilización romana, especialmente a súa literatura, e a súa presenza no mundo actual. Poderase recorrer a outras fontes e realizar actividades complementarias fóra da aula para que o alumno complemente a información recibida. Neste segundo curso o/a alumno/-a deberá afacerse a usalo dicionario como ferramenta para realizala tradución dos textos.

OBXECTIVOS

- Coñecer e utilizar os fundamentos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina, iniciándose na interpretación e tradución de textos de complexidade progresiva.
- Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas, e relacionar compoñentes significativos da latina (flexión nominal, pronominal e verbal) coas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
- Analizar textos latinos diversos, orixinais ou traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
- Ordenar os conceptos lingüísticos propios do alumno, establecendo categorías, xerarquías, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos diversos.

- Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
- Recoñecer algúns elementos da herdanza latina que permanecen no mundo actual e aprecialos como unha das claves para a súa interpretación.
- Buscar e indagar en documentos, inscricións, textos e outras fontes de información (bibliográficas, informáticas, audiovisuais), relacionando elementos dispersos, e analizar criticamente as súas interpretacións.
- Identificar e valorar as principais achegas da cultura romana e da súa lingua como instrumento transmisor.
- Valorar as contribucións do mundo clásico como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

1º DE BACHARELATO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Trátase, esencialmente, de que o alumnado asimile de forma xeral a lingua latina e a súa cultura, de xeito que isto lle permita valorar as achegas de Roma ás linguas e culturas contemporánea, e mellorar a súa formación en dúas vías: un mellor uso das linguas propias e unha interpretación máis axustada das claves e valores do mundo contemporáneo.

Para logralo traballárase en:

- Identificar as principais realizacións e fitos históricos do pobo romano e comprobar as distintas formas en que o legado romano evidencia a súa presenza no mundo actual.
- Recoñecer os elementos da herdanza latina que permanecen no mundo actual e consideralos como unha das claves para a interpretación deste.
- Valorar as achegas do espírito clásico como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas, estéticas) que conforma o ámbito cultural europeo ao que pertence o alumno/a.
- Recoñecer a influencia da historia e o legado de Roma na conformación política, social e cultural dos pobos e nacións de Europa, fomentando actitudes de tolerancia e respecto cara outros pobos.
- Desenvolver o sentimento de pertenza a unha unidade política, social e cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo latino, con actitudes de tolerancia e respecto cara os seus distintos pobos e os doutras zonas do mundo.
- Identificar os elementos léxicos e os principais procedementos de composición e derivación do latín.

- Recoñecer os elementos léxicos da herdanza latina que permanecen nas linguas romances faladas polo alumnado.
- Reflexionar sobre os elementos fundamentais que constitúen as linguas e as súas influencias mutuas no espazo e no tempo, recoñecendo as relacións existentes entre as estruturas da lingua latina e as doutras linguas derivadas que foron profundamente influídas por ela, e os compoñentes significativos desta herdanza (flexión nominal, pronominal e verbal).
- Coñecer e utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina, iniciándose na interpretación e a tradución de textos sinxelos.
- Identificar e valorar as principais achegas a lingua latina como instrumento transmisor da cultura.
- Recoñecer o papel integrador do latín en distintas áreas da ciencia, a filosofía, a historia, a literatura, a arte, a arquitectura e, en xeral, na cultura e historia de Occidente.
- Ordenar os conceptos lingüísticos propios do alumnado, establecendo categorías, xerarquías, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos diversos.
- Analizar e interpretar textos diversos (literarios, históricos, filosóficos), traducidos e orixinais, mediante unha lectura comprensiva, distinguindo as súas características esenciais e a súa evolución, e analizando a estrutura, o pensamento e a ideoloxía que neles se reflicte, cunha actitude crítica ante o mundo latino e o actual.

CONTIDOS E A SÚA TEMPORALIZACIÓN

A materia debe enfocarse tendo en conta que, por regra xeral, terá a súa continuidade natural en Latín II de 2º de Bacharelato. Este feito influirá no tratamento que fagamos da concreción dos contidos de Latín I: deberá ser unha concreción que ofrezca ao alumno/a, a través da lingua e os textos, unha visión global da cultura e léxico latinos e da súa influencia e permanencia no mundo actual, e, ao mesmo tempo, terá que poder ofrecerlles unha formación que lles permita afrontar con garantías o curso de Latín II e, así, afondar nas claves da cultura occidental.

Abordaranse, pois, de forma xeral, os aspectos básicos de cada grupo de contidos: do grupo de lingua, traballaranse os modelos máis usuais da morfoloxía nominal e pronominal, as preposicións, as categorías verbais, o sistema de presente e perfecto activo e pasivo, o participio e infinitivo, funcións dos casos, oracións coordinadas, oracións subordinadas de relativo. Oracións interrogativas directas e indirectas. En canto ás oracións subordinadas completivas introducidas por conxuncións subordinantes e ás adverbiais, iniciarase unha primeira toma de contacto mediante os exercicios de tradución, sen chegar a un estudo en profundidade e por extenso das mesmas. En canto aos contidos culturais, darase unha visión global do mundo romano e a súa permanencia. O léxico será o imprescindible para garantir con éxito a tradución das oracións e textos propostos, e del traballaranse os derivados nas linguas romances, a súa composición e derivación. Así mesmo emprenderase un

achegamento á evolución do léxico. Igualmente, incluírase un estudos dalgunhas das máis comúns locucións latinas en uso en castelán e galego.

UNIDADE	CONTIDOS				
1 a A V A L I A C I Ó N	1	<p>Introdución:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As linguas do mundo. Do indoeuropeo ás linguas romances. <p>As orixes do latín. O indoeuropeo. A familia de linguas indoeuropeas. O latín culto e as etapas da súa evolución. O latín vulgar. As linguas romances.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A escritura en Roma. <p>O alfabeto latino: orixe e particularidades. Clasificación dos sons e pronunciación. Normas de acentuación.</p>			
	2	Lingua latina:	Léxico:	Legado:	Textos:
		<p>Clases de palabras. O sistema nominal: xénero, número, caso. As funcións dos casos. O enunciado dos substantivos e as declinacións. A primeira declinación.</p> <p>A flexión verbal. Enunciado dos verbos, temas verbais, conxugacións, desinencias persoais, presente de indicativo activo dos verbos regulares e do verbo SUM.</p> <p>A oración simple. A orde das palabras en latín.</p>	<p>Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación do léxico latino nas linguas modernas con repaso das principais regras de evolución fonética aplicadas ao vocabulario dos textos e exercicios traballados.</p> <p>Composición, derivación e campos semánticos do léxico latino.</p> <p>Nomes propios.</p> <p>Locucións latinas de uso frecuente.</p>	<p>O marco xeográfico e histórico.</p>	<p>Iniciación nas técnicas de tradución e no comentario de textos.</p> <p>Aplicación na tradución de textos dos coñecementos lingüísticos adquiridos.</p> <p>Análise morfosintáctica.</p> <p>Comparación de estruturas entre o latín, o galego e o castelán. Lectura comprensiva de obras e fragmentos traducidos con comentario do seu contexto histórico, social e cultural.</p>
	3	<p>A segunda declinación.</p> <p>Pretérito imperfecto de indicativo activo dos verbos regulares e do verbo SUM.</p> <p>Uso das preposicións en latín.</p>		<p>Orixes de Roma: historia e lenda.</p>	
4	<p>Adxectivos en -us, -a, -um/ -er, -</p>	<p>Vocabulario de textos e</p>	<p>A Monarquía.</p>		

		a, -um. A concordancia do adxectivo co substantivo. Clases de oracións: a coordinación. Clasificación das oracións coordinadas.	contidos lingüísticos. Derivación do léxico latino nas linguas modernas con repaso das principais regras de evolución fonética aplicadas ao vocabulario dos textos e exercicios traballados.		Iniciación nas técnicas de tradución e no comentario de textos. Aplicación na tradución de textos dos coñecementos lingüísticos adquiridos.
	5	A cuarta e quinta declinacións. O futuro imperfecto de indicativo activo dos verbos regulares e do verbo SUM.	Composición, derivación e campos semánticos do léxico latino.	A República	Análise morfosintáctica. Comparación de estruturas entre o latín, o galego e o castelán.
	6	A terceira declinación. O presente de subxuntivo activo dos verbos regulares e do verbo SUM.	Nomes propios. Locucións latinas de uso frecuente.	O Imperio	Lectura comprensiva de obras e fragmentos traducidos con comentario do seu contexto histórico, social e cultural.
2 a A V A L I A C I	7	Os adxectivos en grao positivo. O pretérito imperfecto de subxuntivo activo e o imperativo de presente activo dos verbos regulares e do verbo SUM.		A Hispania romana.	
	8	Complementos circunstanciais de lugar. Repaso da voz activa dos tempos do tema de presente dos verbos regulares e do verbo SUM.		A relixión	
	9	Adxectivos en grao comparativo e superlativo. Segundo termo da comparación. Tempos do tema de perfecto en voz activa.		As obras pública e urbanismo	
	10	A voz pasiva dos tempos do tema	Vocabulario de textos e	A casa romana	Iniciación nas técnicas de

Ó N 3 a A V A L I A C I Ó N		de presente. A oración pasiva: o complemento axente.	contidos lingüísticos. Derivación do léxico latino nas linguas modernas con repaso das principais regras de evolución fonética aplicadas ao vocabulario dos textos e exercicios traballados.		tradución e no comentario de textos.
	11	A voz pasiva dos tempos do tema de perfecto. Os pronomes persoais e posesivos.	Composición, derivación e campos semánticos do léxico latino.	A familia e a educación	Aplicación na tradución de textos dos coñecementos lingüísticos adquiridos.
	12	Os pronomes demostrativos. O participio de perfecto e o infinitivo de presente. Repaso do sistema verbal latino.	Nomes propios. Locucións latinas de uso frecuente.	A vida cotiá	Análise morfosintáctica.
	13	Os pronomes relativos e as oracións de relativo.		Os espectáculos	Comparación de estruturas entre o latín, o galego e o castelán. Lectura comprensiva de obras e fragmentos traducidos con comentario do seu contexto histórico, social e cultural.
	14	Os pronomes indefinidos e interrogativos. Os numerais. Oracións interrogativas directas e indirectas.		O calendario romano	

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

LINGUA LATINA:

- Coñecer a orixe do latín, o concepto de lingua indoeuropea, as principais familias de linguas indoeuropeas e as linguas actuais pertencentes a elas, as etapas da evolución da lingua latina e os autores máis representativos de cada unha delas, o concepto de latín vulgar, as linguas romances.
- Coñecer o alfabeto latino, a súa pronunciación e as normas de acentuación das palabras. Aplicalo na lectura de textos latinos.
- Recoñecer as características fundamentais da lingua latina nos seus aspectos nominais e verbais.
- Coñecer as funcións dos casos latinos.
- Coñecer os modelos máis habituais das declinacións tanto de substantivos como de adxectivos sendo capaz de declinar substantivos e adxectivos aplicando as normas de concordancia.
- Coñecer a formación comparativos e superlativos dos adxectivos, declinalos concordándoos con substantivos e traducilos correctamente
- Coñecer, identificar e traducir as formas persoais do tema de presente e de perfecto na voz activa e pasiva dos verbos regulares e do verbo SUM, así como o participio de perfecto e o infinitivo de presente, sendo capaz de analizar formas verbais latinas e traducilas ao castelán ou galego e viceversa.
- Identificar o valor das principais preposicións.
- Recoñecer os procedementos de coordinación.
- Coñecer a declinación dos pronomes persoais, posesivos, demostrativos, relativos, interrogativos e indefinidos e saber traducilos.
- Saber analizar e traducir as oracións subordinadas de relativo.
- Recoñecer os distintos tipos de oracións interrogativas e saber traducilas.

LÉXICO:

- Coñecer o vocabulario básico relativo aos textos propostos e á morfoloxía estudada.
- Coñecer os conceptos de familia léxica, derivación e composición.
- Distinguir as palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Coñecer as regras básicas de evolución do latín ás linguas hispánicas.
- Coñecer as locucións latinas de uso máis frecuente estudadas e saber aplicarlas nos contextos apropiados.
- Recoñecer no léxico das linguas faladas en territorio español palabras de orixe latina e analizar a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica.

LEGADO:

- Recoñecer os aspectos xeográficos máis importantes do mundo romano.
- Identificar os períodos da historia de Roma e as principais características das súas respectivas formas de goberno. Recordar os fitos decisivos da historia de Roma e os nomes dos seus protagonistas.
- Recoñecer os principais aspectos da vida cotiá e organización da sociedade romana (hábitat, sociedade, política, exército, ocio e educación, familia, etc.)
- Identificar as principais crenzas e costumes relixiosos dos romanos.

-Identificar os principais factores de romanización de Gallaecia, Hispania e Europa, así como os aspectos máis importantes do legado de Roma.

TEXTOS:

-Interpretar textos orixinais ou adaptados adecuados ao momento da aprendizaxe.

-Identificar en textos latinos sinxelos os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.

-Traducir oracións e textos breves e sinxelos, orixinais, adaptados ou elaborados, coa maior fidelidade posible.

-Producir frases sinxelas escritas en latín mediante retroversión utilizando as estruturas propias da lingua latina.

-Resumir oralmente ou por escrito o contido de textos traducidos de diversos xéneros e distinguir aspectos históricos ou culturais que se deduzan deles.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

LINGUA LATINA

- Do indoeuropeo ás linguas romances. Historia sucinta da lingua latina: latín arcaico, clásico e vulgar.

- A escritura en Roma. Alfabeto, pronunciación e acentuación.

- Flexión nominal, pronominal e verbal. Formas non flexivas.

- Sintaxe dos casos. Uso das preposicións máis frecuentes.

- A estrutura da oración. A concordancia. Orde de palabras. Oracións simples e compostas.

- Coordinación, subordinación, xustaposición. Conxuncións subordinantes máis frecuentes.

LÉXICO

- Aprendizaxe do vocabulario latino: fundamentalmente, léxico transparente e principais prefixos e sufixos.

- Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ás linguas hispánicas. Palabras patrimoniais e cultismos.

- Expresións latinas incorporadas á linguaxe habitual.

LEGADO

- Sinopse histórica do mundo romano dos séculos VIII a. C. ao VI d. C. Monarquía, República e Imperio.

- Organización política e social de Roma. Maxistraturas e clases sociais. A relixión. O exército.

- Aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. A educación, a familia, os espectáculos.

- A casa romana e as obras públicas máis significativas dos romanos e principais restos arqueolóxicos conservados.

- O calendario romano.

TEXTOS

- Iniciación nas técnicas de tradución e no comentario de textos.

- Análise morfosintáctica. Comparación de estruturas entre o latín, o galego e o castelán.
- Lectura comprensiva de obras e fragmentos traducidos con comentario do seu contexto histórico, social e cultural.

ACTITUDES, VALORES E NORMAS

- Interese polas achegas da cultura latina á cultura actual, valorando positivamente as contribucións do espírito clásico que conforman o ámbito cultural europeo.
- Interese e valoración da lingua latina, da que procede a lingua materna do alumno, e outras utilizadas no seu contorno. Respecto polas diferenzas entre as linguas e culturas procedentes da cultura clásica.
- Interese por explicar termos da lingua materna a través de vocábulos latinos que figuran nos textos.
- Apreciar a configuración político-administrativa, xurídica, relixiosa, mitolóxica, artística, urbanística, etc. do noso ámbito como herdanza do mundo romano.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos para obter información no proceso de avaliación serán variados e incluírán entre outros:

- Observación: Atención ao proceso de aprendizaxe do alumnado, dirixida a seleccionar información de acordo con indicadores previamente fixados (asiste a clase con regularidade ou non, asiste a clase con puntualidade ou non, asiste a clase provisto do material necesario para levar un correcto seguimento das actividades que se realice ou non, realiza os exercicios encomendados ou non, a calidade da execución dos exercicios é satisfactoria ou non, amosa unha actitude participativa nas clases ou non, ten un comportamento axeitado na clase, ...)
- Interrogación: Preguntar directamente ao alumnado mediante entrevista ou cuestionario para obter información sobre o proceso de aprendizaxe.
- Producións dos alumnos/as: traballos individuais ou en grupo realizados na clase ou na casa, caderno de clase dos alumnos.
- Probas nas súas diversas modalidades (orais, escritas, individuais, colectivas)

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Información rexistrada no caderno de clase da profesora, obtida mediante a observación da actitude e traballo do alumnado na clase, a valoración realizada pola profesora das intervencións do alumnado, dos exercicios e traballos presentados, do caderno de clase do alumno/a, dos exames e probas ...
- Traballos realizados polo alumnado.
- Probas realizadas polo alumnado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación das avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª) será o resultado da suma das seguintes puntuacións:

A. Ata 7 puntos as cualificacións obtidas nas probas escritas ou exames que se realicen sobre os contidos de lingua latina traballados e os textos latinos e a súa interpretación: nestas probas pedirase ó/á alumno/-a que realice exercicios de declinación, de concordancia, de formación de comparativos e superlativos, de conxugación, de tradución de formas verbais do latín ao galego ou castelán e viceversa e de tradución. Os contidos obxecto de exame serán sempre todos os estudados dende comezo do curso. Realizarase polo menos un exame en cada avaliación. En caso de realizar máis de un, a cualificación obterase de acordo coas seguintes condicións: se un alumno/a suspendese varios exames ao longo da avaliación, no caso de realizárense, e aprobase o último, sería a cualificación deste último a que contaría para a cualificación da avaliación; se un alumno/a aprobase varios exames ao longo da avaliación e non aprobase o último, a cualificación final da avaliación sería a media das cualificacións obtidas nas probas sobre lingua latina realizadas ao longo do trimestre. A cualificación obtida só se sumará en caso de que sexa de 2'5 ou máis sobre 7.

B. Ata 3 puntos os contidos do legado da civilización romana e sobre léxico. Terán carácter eliminatorio, de xeito que, unha vez superada, a materia non volverá ser obxecto de exame. En caso de non superala, o profesor/a poderá realizar unha proba de recuperación, se o considera oportuno. Se se realizasen varios exames ao longo da avaliación, a cualificación que sumará para a obtención da cualificación da avaliación será a media das obtidas neles. A cualificación obtida só se sumará en caso de que sexa de 1 ou máis sobre 3.

Nas probas escritas penalizaranse as faltas de ortografía ata un máximo de 1 punto. As faltas leves baixan 0'12 e as máis graves poden chegar a -0'5.

Unha vez acadada a cualificación mínima de 3'5 puntos neses apartados, o alumno/a poderá mellorar a cualificación final polos seguintes procedementos:

C. Ata 1 punto a cualificación correspondente á valoración que realice a profesora en función das anotacións que teña rexistradas no seu caderno de clase sobre a asistencia regular e puntual a clase, se acude provisto do material necesario para levar un correcto seguimento do traballo, se realiza as tarefas encomendadas, se as realiza de xeito satisfactorio, se amosa unha actitude participativa na clase, se presta a debida atención, se ten un comportamento correcto. Irase descontando 0'10 puntos por cada falta de puntualidade ou de asistencia sen xustificar, se acude sen material, se non realiza os exercicios encomendados e se non presta atención ou non mantén un comportamento correcto.

D. Ata 1 punto mediante a presentación de traballos de tradución ou sobre a lectura dalgún libro ou sobre algún tema relativo ao legado do mundo romano previamente acordados coa profesora.

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación, consignadas na acta e no boletín, expresaranse coas indicacións de insuficiente/suficiente/ben/notable/sobresaliente acompañadas dunha

cualificación numérica na escala do 0 ao 10, sen cifras decimais. A cualificación obtida redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación da avaliación final ordinaria de xuño será o resultado da media das cualificacións das avaliacións parciais. En caso de que o alumno/a obtivera na terceira avaliación mellor cualificación que nas anteriores na parte das probas correspondentes ao contidos de lingua latina, neste apartado non se realizará a media, senón que se sumara a última cualificación obtida nesta parte á media das cualificacións obtidas nos restantes apartados. O redondeo farase igual que nas avaliacións parciais. Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Os alumnos/as que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, deberán realizar unha proba no mes de setembro, segundo o calendario e horario fixado polo Centro. Nesta proba, que será cualificada de 0 a 10, os contidos relativos a lingua latina computarán ata 7 puntos, os relativos ao legado cultural romano e ao léxico ata 3 puntos. A cualificación obtida redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Caderno de clase, onde o alumno/a recollerá as explicacións da profesora e realizará os exercicios encomendados.
- Caderniño de exercicios e temas de cultura elaborado polo departamento de Latín, que os alumnos/as deberán mercar na conserxería do centro ou fotocopiar pola súa conta.
- Material fotocopiado proporcionado pola profesora.
- Unha comedia latina traducida destinada á lectura á lectura na clase.
- Diverso tipo de material audiovisual (documentais ou películas) e informático.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía que se aplicará para o tratamento de cada unha das unidades das que consta a programación consistirá en:

- Exposición dos contidos que se van estudar na unidade e formulación de cuestións que permitan á profesora coñecer o nivel de coñecementos do que se parte e as ideas previas do alumnado sobre o tema, as posibles relacións e subsistencia dos aspectos a tratar coa sociedade actual. Debe suscitarse o interese do alumno/a polo que respecta á realidade que se ten que aprender. En cada un dos bloques que conforman cada unidade (legado, lingua latina e léxico):

- Realización de preguntas coa finalidade de descubrir as ideas previas do alumnado sobre o tema, as posibles relacións e subsistencia dos aspectos a tratar coa sociedade actual.

- Exposición, explicación e análise dos contidos do bloque, subliñando os conceptos fundamentais, baseando a exposición nos coñecementos previos correctos do alumnado e revisando e corrixindo os erróneos, con referencias a contidos relacionados doutras materias ou, no seu caso, de unidades xa estudadas.

- Realización das actividades correspondentes a cada un dos bloques que procedan, a criterio da profesora. Elaboración de esquemas, resumes e/ou mapas conceptuais.

- Revisión de actividades e traballos do alumnado por parte do profesor e corrección dos erros.

- Realización de actividades de consolidación, recuperación, ampliación e avaliación complementarias das realizadas. Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos/as, así como aplicar as aprendizaxes. Prográmanse tamén para o alumnado que non acadou os coñecementos traballados. Permiten así mesmo afondar nos contidos a aqueles alumnos/as que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

No proceso de ensino-aprendizaxe deberán estar presentes continuamente os seguintes principios básicos:

- Selección de textos accesibles ao nivel do alumnado. A práctica da tradución será graduada, é dicir, acorde aos coñecementos do alumno/a, suxestiva polo seu contido e relación co tema tratado na unidade, continuada e controlada baixo a dirección e a orientación da profesora.

- A correcta interpretación dun fragmento implicará a súa contextualización, a análise dos aspectos gramaticais que nel aparecen e a captación e o comentario da mensaxe que transmite.

- Dada a dificultade de presentar textos orixinais para reflectir todos os conceptos culturais da unidade, recorrerase tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores latinos, cando a profesora o xulgue oportuno.

- O comentario de texto irá, cando se considere apropiado, acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, documentais, etc.

- A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura romanas e coñecer a súa permanencia no mundo occidental.

- A metodoloxía será en todo momento activa e impulsora da participación do alumnado, que estimule a súa imaxinación e ordene as súas ideas, de xeito que a aprendizaxe sexa significativa e funcional.

- Impulsarase a autonomía persoal do alumnado, animándoo á toma de decisións, á expresión das súas opinións persoais, á confrontación de puntos de vista distintos, á realización de autoavaliación e á posta en práctica de actuacións en función dos resultados da mesma.

- Promoverase a colaboración entre o alumnado e o traballo en grupo, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno/a a axuda pedagóxica que precisa en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. De aí a necesidade de atender á esta diversidade. No Bacharelato, a organización do ensino permite que os propios alumnos/as dean resposta a esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente que tamén dende as mesmas materias se dea resposta á diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que manifesta o alumnado.

Os procedementos para dar atención a esta diversidade serán:

- Formulación por parte da profesora de preguntas previas ao tratamento de cada unidade co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas e dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que sexa posible, mediante as semellanzas coa propia lingua do alumno/a e a súa permanencia nela.
- Nas actividades de consolidación, realizaranse os exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Nas actividades de recuperación e ampliación, co fin de atender a aqueles alumnos/as que presenten problemas na asimilación dos diversos contidos, prepararanse exercicios breves de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos. Para os temas culturais, pediránselles lecturas breves coa confección de esquemas alusivos, sempre coa axuda da profesora.
- Mentres se levan a cabo estas actividades de recuperación, aqueles alumnos/as que teñan alcanzado satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para afondar neles, como traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.
- As distintas formas de agrupamento dos alumnos/as e a súa distribución na aula inflúen tamén no proceso. É de gran importancia ter en conta o traballo en grupo e a colaboración entre alumnado con diferentes graos de dominio dos contidos.

AVALIACIÓN EN CASO DE PERDA DO DEREITO Á

AVALIACIÓN CONTINUA

En caso de que un alumno/a perdesse o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar de acordo co establecido no Regulamento de Réxime Interno do centro, sería avaliado en base a un único exame final que constaría das mesmas partes e ao que se lle aplicarían os

mesmos criterios de cualificación que os establecidos para a proba extraordinaria de setembro. A data da proba será fixada pola profesora.

TEMAS TRANSVERSAIS E PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Para unha correcta inclusión dos temas transversais na programación da materia, procurarase:

- Fomentar o diálogo como forma de solución de diferenzas, mediante a análise de problemas históricos de enfrontamentos ocorridos en Roma.
- Salientar aspectos de creatividade e iniciativa existentes entre os romanos e deducir a súas consecuencias.
- Analizar e recoñecer nos textos as achegas de personaxes de calquera ámbito do mundo latino no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.
- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de España e de Europa como mostra de convivencia entre pobos.
- Recoñecer nos textos clásicos situacións de discriminación por razóns de sexo, sociais ou persoais e analízalos criticamente.
- Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.
- Deducir da postura dos romanos ante o universo posicións de respecto ou desprezo pola natureza e o entorno social.
- Analizar e comentar hábitos sociais dos romanos dentro do seu contexto histórico e confrontalos coas concepcións actuais.
- Espertar o interese pola cultura que Roma desenvolveu e nos legou, subliñando as súas diferenzas e as súas semellanzas con outras culturas, para fomentar, así, actitudes de respecto cara outros pobos. Valorar a diversidade e a riqueza patrimonial procedente do mundo clásico, e promover unha disposición favorable a actuar na súa defensa e conservación.
- Co fin de promover unha educación non discriminatoria por razón de sexo e que favoreza a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, incidirase no uso dunha linguaxe non sexista, comparárase a situación da muller na sociedade romana e na actual, facendo unha valoración crítica e propiciando o debate e a exposición de opinións persoais, tratando de corrixir prexuízos sexistas e desenvolver a autoestima.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

- Lectura dramatizada na clase dunha comedia de Plauto. Aproveitando que os textos das obras representadas no Festival de Teatro Clásico de Lugo son enviados pola organización aos centros de ensino que asisten, lerase en clase a obra a cuxa representación van asistir os alumnos/as.

Temporalización: unha semana do 2º trimestre.

- Lectura en clase de diversos textos latinos traducidos que ilustren os temas tratados nas unidades.

Temporalización: ao longo de todo o curso.

- Ofreceráse ao alumnado a posibilidade de mellorar a cualificación final de cada avaliación mediante a presentación dun traballo sobre a lectura dun libro sobre o mundo romano previamente acordado coa profesora, tal como está contemplado nos criterios de cualificación.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

- Busca de información en internet.
- Uso das TIC para a realización e exposición de actividades .
- Utilización do correo electrónico para intercambio de información, presentación de exercicios, etc.
- Actividades lúdico-formativas presentes na rede ou de material multimedia.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Valorarase e será tido en conta na cualificación da materia, tal como se contempla nos criterios de cualificación expostos na presente programación, se o alumno/a acude de xeito regular e puntual a clase, se acude provisto do material necesario para levar un correcto seguimento da materia, se amosa un comportamento correcto de respecto cara aos seus compañeiros e compañeiras e cara á profesora...
- Valorarase a corrección, a limpeza e o coidado na presentación do caderno de clase e dos traballos encomendados.
- Promoverase o coidado na conservación do mobiliario da aula e dos espazos comúns, así como na limpeza. A profesora encargárase de fomentar hábitos de orden e limpeza, e de respecto polos espazos.
- Promoverase o debate e confrontación de ideas, mantendo o respecto na orde das intervencións entre os compañeiros/as, as quendas de palabra, o silencio cando intervéñ outro membro do grupo, o respecto polos puntos de vista e opinións diferentes, ...
- Promoverase o traballo por parellas ou en grupos de diferentes niveis de competencia co fin de contribuír á colaboración e axuda mutua entre o alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E/OU

EXTRAESCOLARES

- Visualización dalgunha película ou documentais de temas relacionados cos contidos de cultura e civilización. Realización de comentarios ou traballos sobre os mesmos.
- Asistencia a algunha representación teatral dunha obra clásica, por exemplo co gallo do Festival de Teatro Grecolatino Lugo 2014.

- Realización dalgunha viaxe coa fin de ver in situ restos arqueolóxicos de época romana.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

A información básica da presente programación será incluída no caderniño de exercicios elaborado polo Departamento de Latín e que o alumnado deberá adquirir a principios de curso para ser utilizado de forma habitual nas clases. Así mesmo, a profesora informará ao alumnado de que toda a información estará á súa disposición na páxina Web do centro para que poda consultala en calquera momento.

Tamén a xefa do departamento enviará por correo electrónico á dirección do centro a programación completa e un resumo coa información básica para que sexa incluída na páxina Web do centro onde poderán ser consultados por calquera membro da comunidade educativa que o desexe.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

Cómpre unha avaliación do propio programa ou deseño, tendo en conta o deseño en si, o proceso didáctico e os resultados. O resultado desta avaliación plasmarase nas actas periódicas das reunións de departamento e na memoria final de curso. Será necesario comprobar polo menos os seguintes aspectos

- Adecuación da materia de cada unidade didáctica ao tempo programado.
- Adecuación dos exercicios programados, tanto en canto á cantidade, como en canto á gradación na dificultade dos mesmos.
- Valorar o grao de participación nas distintas tarefas por parte do alumnado.
- Valorar o grao de adquisición dos coñecementos por parte do alumnado e, en caso de parecer insuficiente, estudar os motivos e propoñer medidas para remedialo (exercicios de reforzo, ampliación, recuperación, maior afondamento nas explicacións, ampliación do tempo dedicado ...)

2º DE BACHARELATO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer a gramática da lingua latina, incorporando as excepcións morfolóxicas, as categorías morfolóxicas e as estruturas sintácticas que non se chegaron a estudar en 1º de Bacharelato.
- Ampliar o coñecemento do vocabulario.
- Traducir e comprender textos orixinais de dificultade media tanto en prosa como en verso.
- Identificar os elementos léxicos e os principais procedementos de composición e derivación do latín.
- Recoñecer os elementos léxicos da herdanza latina que permanecen nas linguas romances faladas polo alumnado.
- Reflexionar sobre os elementos fundamentais que constitúen as linguas e as súas influencias mutuas no espazo e no tempo, recoñecendo as relacións existentes entre as estruturas da lingua latina e as doutras linguas derivadas que foron profundamente influídas por ela, e os compoñentes significativos desta herdanza (flexión nominal, pronominal e verbal).
- Identificar e valorar as principais achegas da cultura romana no seu aspecto literario e da romanización de Galicia; e da súa lingua como instrumento transmisor da cultura.
- Captar os valores éticos, estéticos, literarios, políticos, etc., que conforman a cultura latina, identificando nela as fontes de amplas parcelas do pensamento contemporáneo.
- Recoñecer os elementos da herdanza latina que permanecen no mundo actual e consideralos como unha das claves para a interpretación deste.
- Analizar e interpretar textos diversos, traducidos e orixinais, mediante unha lectura comprensiva, distinguindo a súas características esenciais e a súa evolución, e analizando a estrutura, o pensamento e a ideoloxía que neles se reflicte, cunha actitude crítica ante o mundo latino e o actual.

CONTIDOS E A SÚA TEMPORALIZACIÓN

Todo o alumnado matriculado na materia de Latín II cursou xa a de Latín I, polo que este curso consistirá nunha continuación do anterior. Posto que ao rematar este curso, o alumnado que desexa acceder á Universidade deberá superar as probas de acceso, a materia que se vai traballar estará inevitablemente moi condicionada polos coñecementos esixidos nesas probas.

No bloque de lingua latina, completárase a parte de gramática (morfoloxía e sintaxe) non estudada aínda, aplicando os coñecementos gramaticais na práctica da tradución de textos orixinais en prosa e en verso. No bloque de legado romano, neste curso estudarase a literatura latina

centrándose en cinco xéneros literarios e os seus principais representantes. No apartado de léxico, ampliarase o vocabulario xa aprendido no curso anterior, estudaranse as locucións latinas máis habituais en uso en castelán e galego, a orixe dalgúns topónimos significativos, os principais sufixos e prefixos de orixe latina produtivos en castelán e galego, a composición erudita de orixe latina.

TEMPORALIZACIÓN	CONTIDOS
Ata o 30-IX	<p>Lingua latina: Repaso da morfoloxía estudada en 1º BAC. Incorporando as excepcións: Substantivos: declinacións Adxectivos: tipos, declinación e graos. Adverbios: graos dos adverbios. Verbos regulares e verbo SUM: conxugación das formas persoais. Verbos deponentes. Pronomes persoais, posesivos, demostrativos, relativos, interrogativos, indefinidos.</p> <p>Textos: Tradución de frases orixinais ou adaptadas para practicar a gramática repasada.</p> <p>Léxico: Ampliación do vocabulario. Concepto de composición e derivación. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego.</p>
1ª quincena de outubro	<p>Lingua latina: Repaso de pronomes indefinidos, relativos e interrogativos. Oracións relativas e interrogativas. Valores de CUM.</p> <p>Textos: Tradución de frases orixinais ou adaptadas para practicar a gramática repasada.</p> <p>Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Locucións e aforismos. Toponimia.</p>
2ª quincena de outubro	<p>Lingua latina: Valores de UT/NE.</p>

	<p>Formas nominais do verbo: participios. Construcións de participio. Textos: Tradución de frases orixinais ou adaptadas para practicar a gramática estudada. Lectura comprensiva e comentario do texto de Tito Livio traducido: A violación de Lucrecia. Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Literatura: A historiografía. Tito Livio.</p>
1ª quincena de novembro	<p>Lingua latina: Valores de QUOD. Formas nominais do verbo: infinitivos. Construcións de infinitivo. Textos: Tradución de frases orixinais ou adaptadas para practicar a gramática estudada. Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Locucións e aforismos. Toponimia.</p>
2ª quincena de novembro	<p>Lingua latina: A conxugación perifrástica. Textos: Tradución de frases orixinais ou adaptadas para practicar a gramática estudada. Lectura comprensiva e comentario de poemas de Catulo traducidos. (Catulo 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11) Léxico:</p>

	<p>Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Literatura: A poesía lírica. Horacio</p>
1ª quincena de decembro	<p>Lingua latina: Gerundio, gerundivo e supino. Textos: Tradución de frases orixinais ou adaptadas para practicar a gramática estudada. Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Locucións e aforismos. Toponimia.</p>
2ª quincena de decembro	<p>Lingua latina: Repaso dos valores do nominativo, vocativo e acusativo. Textos: Tradución de frases orixinais ou adaptadas para practicar a gramática estudada. Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Locucións e aforismos. Toponimia. Literatura: Introdución a Eutropio e Fedro.</p>
1ª quincena de xaneiro	<p>Lingua latina: Repaso dos valores do ablativo. Textos: Tradución de fragmentos do Breviario de Eutropio e das Fábulas de Fedro.</p>

	<p>Lectura de textos traducidos de Ovidio. (Apolo e Dafne, Metamorfosis, I, 452-567; Píramo e Tisbe, Metamorfosis, IV, 55-166; Orfeo e Eurídice, Metamorfosis, X, 1-71)</p> <p>Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego.</p> <p>Literatura: A poesía épica. Virxilio.</p>
2ª quincena de xaneiro	<p>Lingua latina: Verbos irregulares: fero, volo, nolo, malo, fio, eo, compostos do SUM. Verbos defectivos. Verbos impersoais.</p> <p>Textos: Tradución de fragmentos do Breviario de Eutropio e das Fábulas de Fedro. Lectura de textos traducidos de Ovidio. (Apolo e Dafne, Metamorfosis, I, 452-567; Píramo e Tisbe, Metamorfosis, IV, 55-166; Orfeo e Eurídice, Metamorfosis, X, 1-71)</p> <p>Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Locucións e aforismos. Toponimia.</p>
1ª quincena de febreiro	<p>Lingua latina: Repaso dos valores do xenitivo.</p> <p>Textos: Tradución de fragmentos do Breviario de Eutropio e das Fábulas de Fedro. Lectura de textos traducidos de Tácito: discursos de Calgaco e Agrícola (Agricola, 30-32 e 33-34), contexto, discursos e batalla: capítulos 28-38.</p> <p>Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego.</p>

	<p>Literatura: A oratoria. Cicerón</p>
2ª quincena de febreiro	<p>Lingua latina: Repaso dos valores do dativo.</p> <p>Textos: Tradución de fragmentos do Breviario de Eutropio e das Fábulas de Fedro.</p> <p>Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Locucións e aforismos. Toponimia</p>
1ª quincena de marzo	<p>Lingua latina: Repaso das principais preposicións.</p> <p>Textos: Tradución de fragmentos do Breviario de Eutropio e das Fábulas de Fedro. Lectura de dunha comedia traducida de Plauto e/ou visionado da película <i>Golfus de Roma</i> e comentario.</p> <p>Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego.</p> <p>Literatura: O teatro. Plauto</p>
2ª quincena de marzo	<p>Lingua latina: Os numerais.</p> <p>Textos: Tradución de fragmentos do Breviario de Eutropio e das Fábulas de Fedro.</p> <p>Léxico: Ampliación do vocabulario.</p>

	<p>Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Locucións e aforismos. Toponimia</p>
1ª quincena de abril	<p>Lingua latina: As oracións subordinadas. Principais conxuncións subordinantes. Textos: Tradución de fragmentos do Breviario de Eutropio e das Fábulas de Fedro. Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Locucións e aforismos. Toponimia</p>
2ª quincena de abril	<p>Textos: Tradución de fragmentos do Breviario de Eutropio e das Fábulas de Fedro. Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Locucións e aforismos. Toponimia</p>
Maio	<p>Textos: Tradución de fragmentos do Breviario de Eutropio e das Fábulas de Fedro. Léxico: Ampliación do vocabulario. Principais prefixos e sufixos de orixe latina produtivos en castelán e galego. Locucións e aforismos. Toponimia</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía regular e irregular e da sintaxe da oración simple e composta, comparándoos con outras linguas.

Este criterio trata de comprobar o coñecemento e o manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia y dos procedementos de subordinación propios da lingua latina. El alumno/a deberá manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e as coincidencias respecto a outras linguas coñecidas por el.

- Traducir de modo coherente textos latinos de certa complexidade pertencentes a diversos xéneros literarios.

Este criterio pretende verificar o progreso na asimilación do funcionamento do latín como lingua flexiva. Igual que no primeiro curso, ao proceso de recoñecemento e análise das diferentes estruturas lingüísticas, síguelle o exercicio de aplicación e síntese que supón a tradución. Neste curso procurárase combinar a fidelidade da tradución coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.

- Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumno, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico.

Este criterio trata de avaliar se o alumno domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composicións, no que desempeñan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina. Con este fin poderán propoñerse estudos comparados de léxico, reconstrucións de familias semánticas, análises das variacións de significado que aportan os distintos prefixos e sufixos grecolatinos, definindo con propiedade os termos a partir do significado dos compoñentes etimolóxicos.

- Aplicar as regras de evolución fonética do latín ás linguas romances de España, utilizando a terminoloxía adecuada na descrición dos fenómenos fonéticos.

Este criterio trata de constatar se é capaz de explicar a evolución fonética de palabras latinas á súa lingua de uso utilizando a terminoloxía apropiada. Igualmente, pretende comprobar se asimilou que, con frecuencia, na evolución ás linguas romances un mesmo étimo latino proporcionou unha palabra patrimonial e un cultismo. Proporase, para ilo, a comparación de parellas de palabras co seu antecedente latino e a descrición dos fenómenos fonéticos experimentados no seu proceso evolutivo ata chegar ao termo resultante na lingua romance.

- Identificar as características esenciais dos xéneros literarios estudados (poesía épica, poesía lírica, historiografía, oratoria e comedia), os autores

latinos máis representativos e as súas obras máis salientables e afondar no estudo da obra dun autor destacado de cada un deles (Virxilio, Horacio, Tito Livio, Cicerón e Plauto).

- Comentar e identificar trazos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes a diversos xéneros e recoñecer neles as súas características.

Este criterio intenta comprobar se se identifican os elementos esenciais dun texto literario, o seu argumento, estrutura, dimensión espacio-temporal, personaxes e recursos estilísticos, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. Proponse o traballo sobre textos con sentido completo pertencentes aos diversos xéneros literarios, e a súa comparación con textos da literatura posterior nos que pervivan trazos, temas ou tópicos da literatura romana.

- Explicar o significado das principais locucións latinas empregadas en galego ou castelán e aplicalas nos contextos apropiados.

- Explicar a orixe e significado dos topónimos estudados.

- Realizar traballos monográficos consultando as fontes directas e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

- Coñecer os elementos da morfoloxía regular e irregular e da sintaxe da oración simple e composta, comparándoos con outras linguas.

- Traducir de modo coherente textos latinos de certa complexidade pertencentes a diversos xéneros literarios. A partir do 2º trimestre, traballarase a práctica da tradución sobre textos dos autores obxecto de exame nas probas de acceso á universidade (Eutropio e Fedro).

- Dominar os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino. Analizar as variacións de significado que aportan os distintos prefixos e sufixos grecolatinos, definindo con propiedade os termos a partir do significado dos compoñentes etimolóxicos.

- Coñecer o vocabulario básico traballado na clase.

- Coñecer o significado das principais locucións latinas empregadas en galego ou castelán e aplicalas nos contextos apropiados.

- Explicar a orixe e significado dos topónimos estudados.

- Aplicar as normas de evolución fonética do léxico latino.

- Identificar as relacións entre o vocabulario latino e o da propia lingua.

- Coñecer as características dos xéneros literarios estudados (poesía épica, poesía lírica, historiografía, oratoria e comedia), os autores latinos máis representativos e as súas obras máis salientables e afondar no coñecemento dun autor destacado de cada un deles (Virxilio, Horacio, Tito Livio, Cicerón e Plauto), en canto á súa contextualización, datos biográficos máis importantes, obra, características da mesma, estilo...

- Comentar e identificar trazos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes a diversos xéneros e recoñecer neles as súas características.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos para obter información no proceso de avaliación serán variados e incluírán entre outros:

- Observación: Atención ao proceso de aprendizaxe do alumnado, dirixida a seleccionar información de acordo con indicadores previamente fixados (asiste a clase con regularidade ou non, asiste a clase con puntualidade ou non, asiste a clase provisto do material necesario para levar un correcto seguimento das actividades que se realice ou non, realiza os exercicios encomendados ou non, a calidade da execución dos exercicios é satisfactoria ou non, amosa unha actitude participativa nas clases ou non, ten un comportamento axeitado na clase, ...)
- Interrogación: Preguntar directamente ao alumnado mediante entrevista ou cuestionario para obter información sobre o proceso de aprendizaxe.
- Producións dos alumnos/as: traballos individuais ou en grupo realizados na clase ou na casa, caderno de clase dos alumnos.
- Probas nas súas diversas modalidades (orais, escritas, individuais, colectivas)

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Información rexistrada no caderno de clase da profesora, obtida mediante a observación da actitude e traballo do alumnado na clase, a valoración realizada pola profesora das intervencións do alumnado, dos exercicios e traballos presentados, do caderno de clase do alumno/a, dos exames e probas ...
- Traballos realizados polo alumnado.
- Probas realizadas polo alumnado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación das avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª) será o resultado da suma das seguintes puntuacións:
 - A. Ata 7 puntos as probas que demostren o dominio dos bloques de contido relativos á lingua latina e ós textos latinos e a súa interpretación: nestas probas pedirase ó/á alumno/-a que realice a análise morfolóxica e sintáctica e a tradución de fragmentos de textos de autores clásicos. Os contidos obxecto de exame serán sempre todos os estudados dende comezo do curso. Realizarase polo menos un exame en cada avaliación. En caso de realizar máis de un, a cualificación final da avaliación sería a media das cualificacións obtidas nas probas sobre lingua latina realizadas ao longo do trimestre. A cualificación obtida só se sumará en caso de que sexa de 2'5 ou máis sobre 7.
 - B. Ata 3 puntos as probas que demostren o coñecemento dos xéneros literarios estudados e dos autores e obras máis representativos (1'5 puntos) e o coñecementos das locucións latinas, topónimos, prefixos e sufixos estudados e dos textos ilustrativos dos xénero literarios

estudados. (1'5 puntos). A cualificación obtida só se sumará en caso de que sexa de 1 ou máis sobre 3. Nas avaliacións parciais só serán obxecto de exame os xéneros literarios estudados durante o trimestre. O resto dos contidos obxecto de exame serán sempre os estudados dende comezo de curso.

Nas probas escritas penalizaranse as faltas de ortografía ata un máximo de 1 punto. As faltas leves baixan 0'12 e as máis graves poden chegar a -0'5.

Unha vez acadada a cualificación mínima de 3'5 puntos sumando os apartados A e B, o alumno/a poderá mellorar a cualificación final polos seguintes procedementos:

C. Ata 1 punto a cualificación correspondente á valoración que realice a profesora en función das anotacións que teña rexistradas no seu caderno de clase sobre a asistencia regular e puntual a clase, se acude provisto do material necesario para levar un correcto seguimento do traballo, se realiza as tarefas encomendadas, se as realiza de xeito satisfactorio, se amosa unha actitude participativa na clase, se presta a debida atención, se ten un comportamento correcto. Irase descontando 0'10 puntos por cada falta de puntualidade ou de asistencia sen xustificar, se acude sen material, se non realiza os exercicios encomendados e se non presta atención ou non mantén un comportamento correcto.

D. Ata 1 punto mediante a presentación de traballos de tradución ou sobre a lectura dalgún libro ou sobre algún tema relativo ao legado do mundo romano previamente acordados coa profesora.

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación, consignadas na acta e no boletín, expresaranse coas indicacións de insuficiente/suficiente/ben/notable/sobresaliente acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 0 ao 10, sen cifras decimais. A cualificación obtida redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0'5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación da avaliación final ordinaria de xuño será o resultado da media das cualificacións das avaliacións parciais. En caso de que o alumno/a obtivera na terceira avaliación mellor cualificación que nas anteriores na parte das probas correspondentes ao contidos de lingua latina, neste apartado non se realizará a media, senón que se sumara a última cualificación obtida nesta parte á media das cualificacións obtidas nos restantes apartados. O redondeo farase igual que nas avaliacións parciais. Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Os alumnos/as que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, deberán realizar unha proba no mes de setembro, segundo o calendario e horario fixado polo Centro. Nesta proba, que será cualificada de 0 a 10, os contidos relativos a lingua latina computarán ata 6 puntos, os relativos aos temas de literatura ata 1'5 e ao léxico ata 1'5 puntos. A cualificación obtida redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0'5 ou superior e ao anterior nos restantes casos.

Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Os alumnos de 2º co **latín pendente de 1º** terán que realizar dúas probas nos meses de febreiro e maio de toda a materia, na que demostrarán o coñecemento dos contidos mínimos establecidos para o 1º curso. A estrutura das probas será igual que a exposta para aqueles alumnos que teñan se ser avaliados na proba extraordinaria do mes de setembro.

De superar o exame de febreiro, quedan xa aprobados. Se non é así, deben presentarse outra vez en maio.

Ditos alumnos recibirán información sobre o contido das probas, así como as explicacións e orientacións precisas nunhas horas pactadas coa profesora. Organizaranse actividades de seguimento semanais ou quincenais, nas que os alumnos traerán resoltos exercicios de morfoloxía e tradución.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Caderno de clase, onde o alumno/a recollerá as explicacións da profesora e realizará os exercicios encomendados.
- Caderniño de exercicios e temas de literatura elaborado polo departamento de Latín, que os alumnos/as deberán mercar na conserxería do centro ou fotocopiar pola súa conta.
- Material fotocopiado proporcionado pola profesora.
- Película *Golfus de Roma*.
- Diverso tipo de material audiovisual (documentais ou películas) e informático.
- Dicionario latino.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía que se aplicará para o tratamento de cada unha das unidades das que consta a programación consistirá en:

- Exposición dos contidos que se van estudar na unidade e formulación de cuestións que permitan á profesora coñecer o nivel de coñecementos do que se parte e as ideas previas do alumnado sobre o tema, as posibles relacións e subsistencia dos aspectos a tratar coa sociedade actual. Debe suscitarse o interese do alumno/a polo que respecta á realidade que se ten que aprender. En cada un dos bloques que conforman cada unidade:
 - Realización de preguntas coa finalidade de descubrir as ideas previas do alumnado sobre o tema, as posibles relacións e subsistencia dos aspectos a tratar coa sociedade actual.
 - Exposición, explicación e análise dos contidos do bloque, subliñando os conceptos fundamentais, baseando a exposición nos coñecementos previos correctos do alumnado e revisando e corrixindo os erróneos, con referencias a contidos relacionados doutras materias ou, no seu caso, de unidades xa estudadas.

- Realización das actividades correspondentes a cada un dos bloques que procedan, a criterio da profesora. Elaboración de esquemas, resumes e/ou mapas conceptuais.

- Revisión de actividades e traballos do alumnado por parte do profesor e corrección dos erros.

- Realización de actividades de consolidación, recuperación, ampliación e avaliación complementarias das realizadas. Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos/as, así como aplicar as aprendizaxes. Prográmanse tamén para o alumnado que non acadou os coñecementos traballados. Permiten así mesmo afondar nos contidos a aqueles alumnos/as que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

No proceso de ensino-aprendizaxe deberán estar presentes continuamente os seguintes principios básicos:

- Selección de textos accesibles ao nivel do alumnado. A práctica da tradución será graduada, é dicir, acorde aos coñecementos do alumno/a, continuada e controlada baixo a dirección e a orientación da profesora.

- A correcta interpretación dun fragmento implicará a súa contextualización, a análise dos aspectos gramaticais que nel aparecen e a captación e o comentario da mensaxe que transmite.

- O comentario de texto irá, cando se considere apropiado, acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, documentais, etc.

- A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura romanas e coñecer a súa permanencia no mundo occidental.

- A metodoloxía será en todo momento activa e impulsora da participación do alumnado, que estimule a súa imaxinación e ordene as súas ideas, de xeito que a aprendizaxe sexa significativa e funcional.

- Impulsarase a autonomía persoal do alumnado, animándoo á toma de decisións, á expresión das súas opinións persoais, á confrontación de puntos de vista distintos, á realización de autoavaliación e á posta en práctica de actuacións en función dos resultados da mesma.

- Promoverase a colaboración entre o alumnado e o traballo en grupo, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno/a a axuda pedagóxica que precisa en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. De aí a necesidade de atender á esta diversidade. No Bacharelato, a organización do ensino permite que os propios alumnos/as dean resposta a esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente que tamén dende as mesmas materias se dea resposta á diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que manifesta o alumnado.

Os procedementos para dar atención a esta diversidade serán:

- Formulación por parte da profesora de preguntas previas ao tratamento de cada unidade co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas e dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que sexa posible, mediante as semellanzas coa propia lingua do alumno/a e a súa permanencia nela.
- Nas actividades de consolidación, realizaranse os exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Nas actividades de recuperación e ampliación, co fin de atender a aqueles alumnos/as que presenten problemas na asimilación dos diversos contidos, prepararanse exercicios breves de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos. Para os temas culturais, pediránselles lecturas breves coa confección de esquemas alusivos, sempre coa axuda da profesora.
- Mentres se levan a cabo estas actividades de recuperación, aqueles alumnos/as que teñan alcanzado satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para afondar neles, como traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.
- As distintas formas de agrupamento dos alumnos/as e a súa distribución na aula inflúen tamén no proceso. É de gran importancia ter en conta o traballo en grupo e a colaboración entre alumnado con diferentes graos de dominio dos contidos.

AVALIACIÓN EN CASO DE PERDA DO DEREITO Á

AVALIACIÓN CONTINUA

En caso de que un alumno/a perdese o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar de acordo co establecido no Regulamento de Réxime Interno do centro, sería avaliado en base a un único exame final que constaría das mesmas partes e ao que se lle aplicarían os mesmos criterios de cualificación que os establecidos para a proba extraordinaria de setembro. A data da proba será fixada pola profesora.

TEMAS TRANSVERSAIS E PROGRAMACIÓN DA

EDUCACIÓN EN VALORES

Para unha correcta inclusión dos temas transversais na programación da materia, procurarase:

- Fomentar o diálogo como forma de solución de diferenzas, mediante a análise de problemas históricos de enfrontamentos ocorridos en Roma.
- Salientar aspectos de creatividade e iniciativa existentes entre os romanos e deducir a súas consecuencias.

- Analizar e recoñecer nos textos as achegas de personaxes de calquera ámbito do mundo latino no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.
- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de España e de Europa como mostra de convivencia entre pobos.
- Recoñecer nos textos clásicos situacións de discriminación por razóns de sexo, sociais ou persoais e analízalos criticamente.
- Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.
- Deducir da postura dos romanos ante o universo posicións de respecto ou desprezo pola natureza e o entorno social.
- Analizar e comentar hábitos sociais dos romanos dentro do seu contexto histórico e confrontalos coas concepcións actuais.
- Espertar o interese pola cultura que Roma desenvolveu e nos legou, subliñando as súas diferenzas e as súas semellanzas con outras culturas, para fomentar, así, actitudes de respecto cara outros pobos. Valorar a diversidade e a riqueza patrimonial procedente do mundo clásico, e promover unha disposición favorable a actuar na súa defensa e conservación.
- Co fin de promover unha educación non discriminatoria por razón de sexo e que favoreza a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, incidirase no uso dunha linguaxe non sexista, comparárase a situación da muller na sociedade romana e na actual, facendo unha valoración crítica e propiciando o debate e a exposición de opinións persoais, tratando de corrixir prexuízos sexistas e desenvolver a autoestima.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

- Lectura en clase de diversos textos latinos traducidos que ilustren o estudo dos xéneros literarios.

Temporalización: ao longo de todo o curso.

- Ofreceráse ao alumnado a posibilidade de mellorar a cualificación final de cada avaliación mediante a presentación dun traballo sobre a lectura dunha obra literaria latina traducida previamente acordado coa profesora, tal como está contemplado nos criterios de cualificación.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN

DAS TIC

- Busca de información en internet.
- Uso das TIC para a realización e exposición de actividades .
- Utilización do correo electrónico para intercambio de información, presentación de exercicios, etc.
- Actividades lúdico-formativas presentes na rede ou de material multimedia.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Valorarase e será tido en conta na cualificación da materia, tal como se contempla nos criterios de cualificación expostos na presente programación, se o alumno/a acude de xeito regular e puntual a clase, se acude provisto do material necesario para levar un correcto seguimento da materia, se amosa un comportamento correcto de respecto cara aos seus compañeiros e compañeiras e cara á profesora...
- Valorarase a corrección, a limpeza e o coidado na presentación do caderno de clase e dos traballos encomendados.
- Promoverase o coidado na conservación do mobiliario da aula e dos espazos comúns, así como na limpeza. A profesora encargarse de fomentar hábitos de orden e limpeza, e de respecto polos espazos.
- Promoverase o debate e confrontación de ideas, mantendo o respecto na orde das intervencións entre os compañeiros/as, as quendas de palabra, o silencio cando intervéñ outro membro do grupo, o respecto polos puntos de vista e opinións diferentes, ...
- Promoverase o traballo por parellas ou en grupos de diferentes niveis de competencia co fin de contribuír á colaboración e axuda mutua entre o alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E/OU

EXTRAESCOLARES

- Visualización dalgunha película ou documentais de temas relacionados cos contidos de cultura e civilización. Realización de comentarios ou traballos sobre os mesmos.
- Asistencia a algunha representación teatral dunha obra clásica, por exemplo co gallo do Festival de Teatro Grecolatino Lugo 2014.
- Realización dalgunha viaxe coa fin de ver in situ restos arqueolóxicos de época romana.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

A información básica da presente programación será incluída no caderniño de exercicios elaborado polo Departamento de Latín e que o alumnado deberá adquirir a principios de curso para ser utilizado de forma habitual nas clases. Así mesmo, a profesora informará ao alumnado de que toda a información estará á súa disposición na páxina Web do centro para que poda consultala en calquera momento.

Tamén a xefa do departamento enviará por correo electrónico á dirección do centro a programación completa e un resumo coa información básica para que sexa incluída na páxina Web do centro onde poderán ser consultados por calquera membro da comunidade educativa que o desexe.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

Cómpre unha avaliación do propio programa ou deseño, tendo en conta o deseño en si, o proceso didáctico e os resultados. O resultado desta avaliación plasmarase nas actas periódicas das reunións de departamento e na memoria final de curso. Será necesario comprobar polo menos os seguintes aspectos

- Adecuación da materia de cada unidade didáctica ao tempo programado.
- Adecuación dos exercicios programados, tanto en canto á cantidade, como en canto á gradación na dificultade dos mesmos.
 - Valorar o grao de participación nas distintas tarefas por parte do alumnado.
 - Valorar o grao de adquisición dos coñecementos por parte do alumnado e, en caso de parecer insuficiente, estudar os motivos e propoñer medidas para remedialo (exercicios de reforzo, ampliación, recuperación, maior afondamento nas explicacións, ampliación do tempo dedicado ...)

En Ribeira, a 10 de setembro de 2014

Asdo.: Vituca Vidal Teira
Xefa do Departamento de Latín

ÍNDICE

CURSO 2014-15	1
CONTEXTUALIZACIÓN	2
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E A SÚA CONTORNA	2
CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA	3
EQUIPAMENTO E SERVIZOS DO CENTRO	3
O DEPARTAMENTO DE LATÍN E A MATERIA LATÍN	4
LATÍN - 4º ESO	5
INTRODUCCIÓN	5
OBXECTIVOS	5
CONTIDOS	7
TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	22
CONTRIBUCIÓN DO LATÍN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	22
PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL ..	25
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	26
CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES	33
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	33
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	34
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	34
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	36
METODOLOXÍA DIDÁCTICA	36
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	37
TEMAS TRANSVERSAIS E PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES	37
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR	41
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC	41
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	41
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E/OU EXTRAESCOLARES	42
CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO	42
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN	42
BACHARELATO	44
INTRODUCCIÓN	44
OBXECTIVOS	45
1º DE BACHARELATO	46
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	46
CONTIDOS E A SÚA TEMPORALIZACIÓN	47
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	52
CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES	53
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	54
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	54
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	55
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	56
METODOLOXÍA DIDÁCTICA	56
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	58
AVALIACIÓN EN CASO DE PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA	58

TEMAS TRANSVERSAIS E PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	59
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	59
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.....	60
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	60
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E/OU EXTRAESCOLARES	60
CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO.....	61
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN	61
2º DE BACHARELATO.....	62
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	62
CONTIDOS E A SÚA TEMPORALIZACIÓN.....	62
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	70
CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES	71
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	72
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	72
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	72
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	74
METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	74
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	75
AVALIACIÓN EN CASO DE PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA	76
TEMAS TRANSVERSAIS E PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	76
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	77
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.....	77
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	78
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E/OU EXTRAESCOLARES	78
CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO.....	78
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN	79
ÍNDICE.....	80